CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 1/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 4 DE XANEIRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas do día 4 de xaneiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

Secretaria: D.ª María Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21/12/2020.**

2.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

3.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

4.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21/12/2020.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de decembro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

2.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. ANTONIO FIGUEROA LORENZANA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 21 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 12/11/2020 por D. ANTONIO FIGUEROA LORENZANA, de devolución da garantía para canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Seoane, s/n , Recesende.

Visto o informe do técnico municipal, de data 03/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 21/12/2020, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Antonio Figueroa Lorenzana para obra de canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Seoane s/n Recesende , por importe de **200,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Antonio Figueroa Lorenzana para obra de canalización de treito de cuneta de acceso a parcela en Seoane s/n Recesende , por importe de 200,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

2.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A Dª. BALBINA GONZÁLEZ MORCILLO.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 21 de decembro de 2020 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 17/11/2020 por Dª. Balbina González Morcillo, de devolución da garantía para canalización soterrada de auga potable baixo estrada entre As Cruces e O Sisto, Cacheiras

Visto o informe do técnico municipal, de data 03/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 21/12/2020, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª. Balbina González Morcillo para obra de canalización soterrada de auga potable baixo estrada entre As Cruces e O Sisto, Cacheiras , por importe de **300,00€,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª. Balbina González Morcillo para obra de canalización soterrada de auga potable baixo estrada entre As Cruces e O Sisto, Cacheiras , por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

<u>Segundo</u>.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.01.05 13:25:43 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2021.01.05 10:16:54 +01'00'

Mª Elena Sueiro Fernández

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 2/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 18 DE XANEIRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 18 de xaneiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D.ª María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

Secretaria: D.ª María Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 04/01/2021**

2.- **LICENZA URBANÍSTICA**

3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 45/2020**

4.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO 44/2019**

5.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE-LUOU (POS+ 2020) O-13/2020

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 04/01/2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 4 de xaneiro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZA URBANÍSTICA

Dada conta do expediente que se atopa pendente de resolución, e vistos os informes técnico e xurídico, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte licenza. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

A JOSÉ MANUEL CALVELO MAZA, licenza para obras de substitución da cuberta dun garaxe anexo a unha vivenda unifamiliar, en A Póboa, 107, parroquia de Cacheiras, R.C.: 001700600NH34D0001PE, segundo proxecto redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño.
Expediente núm: **2020/U022/000039**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos Landeira Caamaño.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das

obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Solo urbano casco tradicional (U-4)
-Presuposto: 5.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 100 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 160,00 euros.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 45/2020

Escrito presentado por José Manuel Corbelle Calviño, en data 13 de xaneiro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000000102, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 45/2020, xuntando escritura pública de data sete de decembro de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de outubro de 2020, a José Manuel Corbelle Calviño, para obras de construción dunha edificación destinada a almacén agrícola (Expte. electrónico 2020/U022/000007), na Parcela 233 de concentración de Teo, R.C.: 15083A506002330001LH, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 216,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data sete de decembro de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 216,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 45/2020.

Segundo.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada

inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de outubro de 2020 (Lic. 45/2020).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 44/2019

Escrito presentado por Iván Conde Leborán, en data 13 de xaneiro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000000093, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2019, a Iván Conde Leborán**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000039), en A Torre, núm. 61-C, Cacheiras, R.C.: 15083B503023010000SU, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 79,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Porción de terreo, Torre, Cacheiras, dunha superficie de setenta e nove metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 967, libro: 377, folio 53, data: 15 de decembro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001125957.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de oito de maio de 2020, do notario Francisco López Moledo, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2019, expte. 44/2019.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 4 de novembro de 2019, a Iván Conde Leborán**,** para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000039), en A Torre, núm. 61-C, Cacheiras, R.C.: 15083B503023010000SU.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO
5.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A (rex. entrada nº 202099900001576 do 29/09/2020)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 11 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 29 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001576), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha ampliación de rede e unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Rúa do Ameneiro, 11, Os Tilos, S/R.: GDE 41020090007.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202090000016261 de 22/10/2020, Deputación A Coruña, recibo no Concello o 26/10/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-39/2020) para poder levar a unha ampliación de rede*

e unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Rúa do Ameneiro, 11, Os Tilos, S/R.: GDE 41020090007, de acordo co solicitado con data de 29 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001576).

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-39/2020) para poder levar a unha ampliación de rede e unha acometida, para subministro de gas natural canalizado en Rúa do Ameneiro, 11, Os Tilos, S/R.: GDE 41020090007, de acordo co solicitado con data de 29 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001576).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001781 do 23/10/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 15 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 23 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001781), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 26 metros, en Castres, nº 34-B, Oza (S.G.D.: 218319110274).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5946 de 27/11/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2020) para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 26 metros, en Castres, nº 34-B, Oza (S.G.D.: 218319110274), de acordo co solicitado con data de 23 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001781).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2020) para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 26 metros, en Castres, nº 34-B, Oza (S.G.D.: 218319110274), de acordo co solicitado con data de 23 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001781).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.3.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001783 do 23/10/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 11 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 23 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001783), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 7 metros, en Pite, nº 45, Lucí (S.G.D.: 218520080155).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5947 de 27/11/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-43/2020) para execución dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 7 metros, en Pite, nº 45, Lucí (S.G.D.: 218520080155), de acordo co solicitado con data de 23 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001783).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-43/2020) para execución dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e unha canalización de 7 metros, en Pite, nº 45, Lucí (S.G.D.: 218520080155), de acordo co solicitado con data de 23 de outubro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001783).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.4.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001865 do 04/11/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 15 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 4 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001865), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 50 metros, en Texexe, nº 67-B, Calo (S.G.D.: 618520100074).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (2.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5948 de 27/11/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-45/2020) para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización*

de 50 metros, en Texexe, nº 67-B, Calo (S.G.D.: 618520100074), de acordo co solicitado con data de 4 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001865).

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-45/2020) para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 50 metros, en Texexe, nº 67-B, Calo (S.G.D.: 618520100074), de acordo co solicitado con data de 4 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001865).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.5.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001913 do 11/11/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 13 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 11 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001913), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 12 metros, en O Sisto, nº 20-B, Cacheiras (S.G.D.: 618520100284).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 6237 de 17/12/2020).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-46/2020) para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 12 metros, en O Sisto, nº 20-B, Cacheiras (S.G.D.: 618520100284), de acordo co solicitado con data de 11 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001913).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-46/2020) para execución dunha rede de Baixa Tensión Subterránea con un paso aéreo-subterráneo e unha canalización de 12 metros, en O Sisto, nº 20-B, Cacheiras (S.G.D.: 618520100284), de acordo co solicitado con data de 11 de novembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001913).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.6.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A MARÍA BEATRIZ OTERO BUENO (rex. entrada nº 202099900002323 do 03/12/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 11 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por María Beatriz Otero Bueno, representada por Nicolás Seco López, de 3 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900002323), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para construción dunha rampla sobre a beirarrúa, en Travesía de Balcaide, 30, baixo, Calo.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 2.000 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Bancofar en data 03/12/2020) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a María Beatriz Otero Bueno, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-49/2020) para construción dunha rampla sobre a beirarrúa, en Travesía de Balcaide, 30, baixo, Calo, de acordo co solicitado con data 3 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900002323).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a María Beatriz Otero Bueno, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-49/2020) para construción dunha rampla sobre a beirarrúa, en Travesía de Balcaide, 30, baixo, Calo, de acordo co solicitado con data 3 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900002323).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.7.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JOSÉ MANUEL GUERRA CALVELO (rex. entrada nº 202000000006366 do 29/12/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 11 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por José Manuel Guerra Calvelo, de 29 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202000000006366), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para substitución dunha tubaxe, 6 ml., en Coto, Bamonde.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 29/12/2020) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a José Manuel Guerra Calvelo, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-51/2020) para substitución dunha tubaxe, 6 ml., en Coto, Bamonde, de acordo co solicitado con data 29 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202000000006366).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Outorgar a José Manuel Guerra Calvelo, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-51/2020) para substitución dunha tubaxe, 6 ml., en Coto, Bamonde, de acordo co solicitado con data 29 de decembro de 2020 (rex. entrada nº 202000000006366).

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE-LUOU (POS+ 2020) O-13/2020

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 15 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

" <u>PROPOSTA DA ALCALDÍA</u>

ASUNTO: PROPOSTA ADXUDICACIÓN CONTRATACIÓN BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) (O-13/2020).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de outubro de 2020 polo que, en relación ao expediente de contratación BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) motívase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar a acta de reformulo do proxecto, o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+2020.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de novembro de 2020, polo que se acorda aprobar o expediente de contratación (Núm. O-13/2020), aprobar o prego, aprobar o gasto e proceder á apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación correspondente.

Considerando que, tal e como consta no expediente, publicado o anuncio na Plataforma de contratos do sector público en data 18 de novembro de 2020, presentáronse á licitación as seguintes empresas:

ALCOMTE GALICIA S.L.

ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.
CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.
CONSTRUCCIONES OREGA
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
DESMACO S.L.U.
ESPINA Y DELFIN, S.L.
ESQUEIRO S.L.
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.
GESTAL Y LÓPEZ S.L.
GR CONSTRUCIIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
HORDESCON, S.L.
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.
MISTURAS, S.A.
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
OGMIOS PROYECTO, S.L.
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
PROYECON GALICIA,S.A.
REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.
SYR-AMG, S.L**.**
TARRIO Y SUAREZ, S.L.
TESWATER GLOBAL, S.L.U.
URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

Considerando que a mesa de contratación, na sesión celebrada o 22 de decembro de 2020, procede ó

"acto de apertura *o*ferta criterios cuantificables automáticamente" e acorda admitir aos seguintes licitadores:

ALCOMTE GALICIA S.L.

ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.

CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.

CONSTRUCCIONES OREGA

CONSTRUCCIONES RAFER S.L.

CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.

DESMACO S.L.U.

ESPINA Y DELFIN, S.L.

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.

EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.

ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.

GESTAL Y LÓPEZ S.L.

GR CONSTRUCIIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

HORDESCON, S.L.

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

MISTURAS, S.A.

NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

OGMIOS PROYECTO, S.L.

PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

PROYECON GALICIA,S.A.

REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.

SYR-AMG, S.L**.**

TARRIO Y SUAREZ, S.L.

URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

Do mesmo xeito considera que procede admitir provisionalmente aos seguinte licitadores, concedéndolle un prazo de tres días para que subsane as deficiencias que se lle indican:
ESQUEIRO S.L.
TESWATER GLOBAL, S.L.U.

Considerando que na sesión celebrada o 22 de decembro de 2020, vistas as ofertas presentadas polos licitadores, a mesa de contratación acorda efectuar a avaliación e clasificación dos licitadores admitidos e non excluídos que abaixo se transcribe:

	LICITADOR	**IMPORTE OFERTADO SEN IVE**	**PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA**
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	214.709,19	100,00
2	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	223.900,00	95,78
3	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	224.180,00	95,64
4	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	225.540,48	95,02
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	229.592,11	93,16
6	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	232.227,30	91,95
7	TESWATER GLOBAL, S.L.U.	235.521,31	90,43
8	BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.	237.527,18	89,51
9	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	238.363,64	89,13
10	ALCOMTE GALICIA S.L.	238.815,31	88,92
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	239.950,00	88,41
12	ESQUEIRO, S.L.	242.438,63	87,26
13	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.	243.690,45	86,68
14	CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	243.756,33	86,65
15	ESPINA Y DELFIN, S.L.	246.556,23	85,36
16	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	246.589,17	85,35

	LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA
17	SYR-AMG, S.L.	246.687,91	85,30
18	DESMACO S.L.U.	247.643,25	84,86
19	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	248.507,69	84,47
20	GR CONSTRUCIIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L	251.431,26	83,12
21	URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	253.638,34	82,11
22	PROYECON GALICIA,S.A.	255.885,00	81,08
23	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	256.207,66	80,93
24	GESTAL Y LÓPEZ S.L.	256.504,12	80,79
25	CONSTRUCCIONES OREGA	262.927,43	77,84
26	HORDESCON, S.L.	270.404,82	74,40
27	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	273.929,40	72,79
28	MISTURAS, S.A.	281.307,00	68,23
29	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	281.637,37	67,67
30	REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.	287.401,89	59,50
31	TARRIO Y SUAREZ, S.L.	292.738,17	51,94
32	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	308.318,81	29,87

Na mesma mesa, en data 22 de decembro de 2020, acórdase requirir as seguintes empresas para que xustifiquen a baixa da súa oferta de acordo co indicado no PCAP:

CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

O 11 de xaneiro de 2021 reúnese de novo a mesa de contratación para celebrar o acto "subsanación", acordando, á vista de que ningún dos licitadores presentou documentación de subsanación, excluír da licitación a:
ESQUEIRO S.L.
TESWATER GLOBAL, S.L.U.

Na mesma sesión de 11 de xaneiro de 2021 a mesa de contratación celebra o acto "justificación de oferta anormalmente baja", no que se da conta do informe dos servizos técnicos municipais de data 11/01/2021 que conclúe:
"Á vista da documentación presentada polas empresas
• MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.
• CONSTRUCCIONES MECANO S.L.
e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras incluídas no proxecto de "BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE. LUOU, TEO" este técnico entende que a empresa MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L. xustifica a oferta de carácter desproporcionado ou anormal
O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida."

A mesa de contratación, á vista da documentación presentada polas empresas requiridas a elo e o informe dos servizos técnicos municipais de data 11 de xaneiro de 2021, acorda propoñer a exclusión da licitación, por non xustificar adecuadamente a oferta de carácter desproporcionado ou anormal, ás seguintes empresas:
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

A mesa de contratación, á vista, acorda excluír da licitación, por non presentar documentación xustificativa da oferta de carácter desproporcionado ou anormal, a CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
A mesa de contratación, á vista da documentación presentada polas empresas requiridas a elo e o

informe dos servizos técnicos municipais de data 11 de xaneiro de 2021, acorda admitir, por entender que xustifican as súas ofertas á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

Na sesión do 11 de xaneiro de 2021 celébrase o acto "propuesta de adjudicación" e a mesa de contratación acorda manter a avaliación e clasificación realizada na sesión de data 22 de decembro de 2020, excluíndo aos licitadores que non xustificaron correctamente as súas ofertas cualificadas como desproporcionadas ou anormais e aos licitadores que non subsanaron, e outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas e non excluídas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

	LICITADOR	**IMPORTE OFERTADO SEN IVE**	**PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA**
1	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	223.900,00	95,78
2	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	225.540,48	95,02
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	229.592,11	93,16
4	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	232.227,30	91,95
5	BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.	237.527,18	89,51
6	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	238.363,64	89,13
7	ALCOMTE GALICIA S.L.	238.815,31	88,92
8	OGMIOS PROYECTO, S.L.	239.950,00	88,41
9	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.	243.690,45	86,68
10	CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	243.756,33	86,65
11	ESPINA Y DELFIN, S.L.	246.556,23	85,36
12	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	246.589,17	85,35
13	SYR-AMG, S.L.	246.687,91	85,30
14	DESMACO S.L.U.	247.643,25	84,86
15	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	248.507,69	84,47
16	GR CONSTRUCIIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L	251.431,26	83,12
17	URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	253.638,34	82,11
18	PROYECON GALICIA,S.A.	255.885,00	81,08

	LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA
19	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	256.207,66	80,93
20	GESTAL Y LÓPEZ S.L.	256.504,12	80,79
21	CONSTRUCCIONES OREGA	262.927,43	77,84
22	HORDESCON, S.L.	270.404,82	74,40
23	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	273.929,40	72,79
24	MISTURAS, S.A.	281.307,00	68,23
25	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	281.637,37	67,67
26	REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.	287.401,89	59,50
27	TARRIO Y SUAREZ, S.L.	292.738,17	51,94
28	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	308.318,81	29,87

Na mesma sesión a mesa formula proposta de adxudicación da obra BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) (O-13/2020) á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L., con CIF.- B15025372 e enderezo en rúa A Lagoa nº 6, Teo, A Coruña, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento, e requirila para a presentación da documentación indicada na cláusula 159.4 f)4º do PCAP.

Requirida a empresa en data 11 de xaneiro de 2021 para que presente a documentación indicada na cláusula 159.4 f)4º do PCAP.

Vista a documentación aportada pola empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L., con CIF.- B15025372, en data 13 de xaneiro de 2021, entre a cal consta o documento de constitución da garantía definitiva e complementaria, por importe de 22.390,00 €, mediante aval inscrito en data 12 de xaneiro de 2021 no Rexistro Especial de Avais co número 10001200269 (SABADELL).

Visto o informe de fiscalización de intervención de data 15 de xaneiro de 2021.

En virtude do exposto e aos efectos previstos nos artigos 28, 116 e 159 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, proponse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 522/2019 de 3 de xullo e 622/2020, do 3 de xullo) a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e admitir á licitación ás seguintes empresas:

ALCOMTE GALICIA S.L.
ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.
BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.
CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.
CONSTRUCCIONES OREGA
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.
CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
DESMACO S.L.U.
ESPINA Y DELFIN, S.L.
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.
GESTAL Y LÓPEZ S.L.
GR CONSTRUCIIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
HORDESCON, S.L.
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.
MISTURAS, S.A.
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
OGMIOS PROYECTO, S.L.
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
PROYECON GALICIA,S.A.

REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.
SYR-AMG, S.L.
TARRIO Y SUAREZ, S.L.
URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

Segundo.- Rexeitar a oferta e polo tanto excluír da licitación aos seguintes licitadores, á vista de que non presentaron documentación de subsanación:

ESQUEIRO S.L.

TESWATER GLOBAL, S.L.U.

Terceiro.- Rexeitar a oferta, e polo tanto excluír da licitación ao seguinte licitador cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non xustificar a baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais, xa que se entende que a xustificación presentada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador por ser incompleta desde o punto de vista técnico, de acordo co indicado no informe técnico de data 11 de xaneiro de 2021:

MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

Cuarto.- Rexeitar a oferta e polo tanto excluír da licitación ao seguinte licitador cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non presentar xustificación da baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais:

CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Quinto.- Admitir, por entender que xustifican a súa oferta incursa en baixa anormal ou temeraria de

acordo co indicado no informe técnico de data 04 de setembro de 2020, ás seguintes empresas:

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

Sexto.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) (O-13/2020) á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L., con CIF.- B15025372 e enderezo en rúa A Lagoa nº 6, Teo, A Coruña, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento, con estrita suxeición ao Prego de cláusulas administrativas e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa con arranxo aos criterios de adxudicación do PCAP:

A) Prezo sen IVE 223.900,00 €
B) IVE 21% 47.019,00 €
C) TOTAL (A+B) 270.919,00 €

Sétimo.- Dispoñer o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 161/629.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

Oitavo.- Fixar o prazo de execución do contrato en catro (4) meses, contados a partir da data de sinatura da acta de reformulo.

Noveno.- Nomear director técnico das obras ao arquitecto municipal D. Ignacio Soto González que exercerá as funcións de responsable do contrato e nomear coordinador de seguridade e saúde ó arquitecto técnico D. Pablo Xosé Pouso Iglesias.

Décimo.- Notificar o acordo de adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolles os recursos procedentes, dando traslado do mesmo ao servizo de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Undécimo.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización do

contrato en documento administrativo, dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e publicar anuncio de formalización no perfil do contratante no prazo de 15 días desde a perfección do contrato.

Duodécimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e admitir á licitación ás seguintes empresas:

ALCOMTE GALICIA S.L.
ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.
BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.
CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.
CONSTRUCCIONES OREGA
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.
CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
DESMACO S.L.U.
ESPINA Y DELFIN, S.L.
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.
GESTAL Y LÓPEZ S.L.
GR CONSTRUCIIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
HORDESCON, S.L.
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.
MISTURAS, S.A.
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
OGMIOS PROYECTO, S.L.
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
PROYECON GALICIA,S.A.

REPOBLACIONES, OBRAS Y CANALIZACIONES S.L.U.
SYR-AMG, S.L.
TARRIO Y SUAREZ, S.L.
URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

Segundo.- Rexeitar a oferta e polo tanto excluír da licitación aos seguintes licitadores, á vista de que non presentaron documentación de subsanación:

ESQUEIRO S.L.

TESWATER GLOBAL, S.L.U.

Terceiro.- Rexeitar a oferta, e polo tanto excluír da licitación ao seguinte licitador cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non xustificar a baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais, xa que se entende que a xustificación presentada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador por ser incompleta desde o punto de vista técnico, de acordo co indicado no informe técnico de data 11 de xaneiro de 2021:

MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.

Cuarto.- Rexeitar a oferta e polo tanto excluír da licitación ao seguinte licitador cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non presentar xustificación da baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais:

CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Quinto.- Admitir, por entender que xustifican a súa oferta incursa en baixa anormal ou temeraria de acordo co indicado no informe técnico de data 04 de setembro de 2020, ás seguintes empresas:

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

Sexto.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada BOMBEO DE SANEAMENTO EN CAXADE (LUOU) (POS+ 2020) (O-13/2020) á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L., con CIF.- B15025372 e enderezo en rúa A Lagoa nº 6, Teo, A Coruña, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento, con estrita suxeición ao Prego de cláusulas administrativas e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa con arranxo aos criterios de adxudicación do PCAP:

A) Prezo sen IVE 223.900,00 €
B) IVE 21% 47.019,00 €
C) TOTAL (A+B) 270.919,00 €

Sétimo.- Dispoñer o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 161/629.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

Oitavo.- Fixar o prazo de execución do contrato en catro (4) meses, contados a partir da data de sinatura da acta de reformulo.

Noveno.- Nomear director técnico das obras ao arquitecto municipal D. Ignacio Soto González que exercerá as funcións de responsable do contrato e nomear coordinador de seguridade e saúde ó arquitecto técnico D. Pablo Xosé Pouso Iglesias.

Décimo.- Notificar o acordo de adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolles os recursos procedentes, dando traslado do mesmo ao servizo de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

<u>Undécimo</u>.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización do contrato en documento administrativo, dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e publicar anuncio de formalización no perfil do contratante no prazo de 15 días desde a perfección do contrato.

<u>Duodécimo</u>.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.02.18 09:19:28 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2021.02.18 09:06:47 +01'00'

Mª Elena Sueiro Fernández

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 3/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 1 DE FEBREIRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 1 de febreiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia accidental da primeira tenente de alcalde, dna. Uxía Lemus de la Iglesia, ante a ausencia, por causas sobrevidas, do sr. alcalde, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidenta acctal.:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

2.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

3.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

4.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. **A JUAN LÓPEZ BECERRA,** en representación do **PADROADO DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN MIGUEL DE RARIS**, licenza para obras de ampliación (48 nichos e 12 osarios) do cemiterio parroquial de San Miguel de Raris, en "Eiris", Raris, R.C.: 15083A126003850000TP, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Sanchidrian Peregil.
Expediente núm: **2020/U022/000004**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Sanchidrian Peregil -Proxecto básico e de execución de ampliación de nichos no cemiterio parroquial de San Miguel de Raris- visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 11.11.2016.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31 do PXOM e 197 da LOUG). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. contra
- O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira utilización, se fora necesaria segundo o art. 43 do Plan Xeral de Teo, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira utilización.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Solo rústico de especial protección forestal
-Presuposto: 19.650,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 393,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 573,00 euros.

1.2. **A ROBERTO MIGUEL MIDÓN MARTÍNEZ**, licenza para obras de ampliación de nave para almacén de maquinaria, en Feros, 86, Cacheiras, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Roberto C. Ozores Nine.
Expediente núm: **2019/U022/000028**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica (art. 39.e) da LSG).
- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen.
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Roberto C. Ozores Nine -proxecto básico e de execución para a ampliación de nave para almacén de maquinaria-, visado no colexio oficial en data 20.06.2019.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición

realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira utilización, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira utilización.
- Conforme ao artigo 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia deberase dispor de forma perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente na normativa específica para a construción.
- Darase cumprimento, tal e como se reflicte no informe da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia o que se esixe a distancia de 50 metros a masas arbóreas, no seu caso eucaliptos.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA R3, Solo rústico de especial protección forestal
-Usos: Almacén maquinaria
-Arquitecto/a director/a das obras: Roberto C. Ozores Nine

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Roberto C. Ozores Nine
-Edificabilidade: 0,38 m^2/ m^2
-Altura máxima: B <7,00 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 5,02%
Recuamento a lindeiros: >5,00 m
-Presuposto: 226.800,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4.536,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 5.631,84 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 10.287,84 euros.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

2.1.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. ANTONIO FUENTES MARTÍNEZ

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 20 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 04/11/2020 por D. ANTONIO FUENTES MARTINEZ, de devolución da garantía para canalización soterrada de auga e rúa pública en Fornelos ,Rarís.

Visto o informe do técnico municipal, de data 18/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 20/01/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Antonio Fuentes Martínez para obra referida anteriormente , por importe de **900,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. Antonio Fuentes Martínez para obra referida anteriormente , por importe de 900,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

2.2.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. CELESTINO FERNÁNDEZ PINTOS

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 20 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 24/11/2020 por D. CELESTINO FERNANDEZ PINTOS, de devolución da garantía para obras de urbanización complementarias a nave industrial para taller en Osebe.

Visto o informe do técnico municipal, de data 17/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 20/01/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. CELESTINO FERNANDEZ PINTOS para obra referida anteriormente , por importe de **10.213,98€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. CELESTINO FERNANDEZ PINTOS para obra referida anteriormente , por importe de 10.213,98€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

2.3.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. RAMÓN VIEITES CASTIÑEIRAS

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de xaneiro de 2021 que se recolle a continuación:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 27/11/2020 por D. RAMON VIEITES CASTIÑEIRAS, de devolución da garantía para obras renovación de dous treitos de canalización de auga potable en baixo pista pública en Texexe.

Visto o informe do técnico municipal, de data 17/12/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 25/01/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. RAMON VIEITES CASTIÑEIRAS para obra referida anteriormente , por importe de **3.000,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. RAMON VIEITES CASTIÑEIRAS para obra referida anteriormente , por importe de 3.000,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.02.18 09:19:49 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.02.18 08:32:12 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 4/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 15 DE FEBREIRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 15 de febreiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. **A LAURA VÁZQUEZ VÁZQUEZ**, licenza para obras de construción dunha edificación auxiliar, en Osebe, 57, Calo, R.C.: 15083B508016720000SP, segundo proxecto redactado polo arquitecto Estebán Canabal Antelo.
Expediente núm: **2020/U022/000030**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Estebán Canabal Antelo, visado no colexio oficial de arquitectos en data 08.10.2020.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da

persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: ORDENANZA N2, Núcleo rural expansión

-Usos: Edificación auxiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Esteban Canabal Antelo
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Antonio Jorge González
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Antonio Jorge González
-Edificabilidade: 0,18 m^2/m^2
-Altura máxima: B 2,71m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 14,12%
Recuamento á aliñación: 7,20 m.
Recuamento a lindeiros: 4,66 m.
Pendente máxima de cuberta: 9º
Altura do cumio: 1,30 m.
-Presuposto: 43.330,17 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 866,60 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.046,60 euros.

1.2. **A MARTÍN VÁZQUEZ BAÑO**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 22, Calo, R.C.: 15083B508013430001DE, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Manuel García Paz.
Expediente núm: **2019/U022/000047**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Manuel García Paz, visado no colexio oficial de arquitectos en data 20.112020.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 152,70 metros cadrados asinado polo sr. Vázquez.
-Figura no expediente aval bancario da entidade “Abanca”, por importe de 18.861,04 euros, como garantía da correcta execución das obras de urbanización.
- Figura no expediente resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, expte. DHW1569547, autorizando as obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-**Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor.**
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 12/04/2021) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Florentino Antonio Ortigueira Gallego, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-18/2021) para canalizar un treito de cuneta, 6 mts., e construción dunha soleira, dende a estrada ata a Parcela 605, Polígono 510, en Outeiro de Reis, R.C.: 15083B510006050001DF, de acordo co solicitado con data 12 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202100000001476).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Florentino Antonio Ortigueira Gallego, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-18/2021) para canalizar un treito de cuneta, 6 mts., e construción dunha soleira, dende a estrada ata a Parcela 605, Polígono 510, en Outeiro de Reis, R.C.: 15083B510006050001DF, de acordo co solicitado con data 12 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202100000001476).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde,

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.04.28 15:03:46 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral,

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.04.28 15:02:29 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 9/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE MAIO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 3 de maio de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA ORDINARIA DO 19.04.2021**

2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3.- **DECLARACION DE CADUCIDADE DAS LICENZAS URBANÍSTICAS 15/1994 E 119/1995 (TALAL INVESTIMENTS 2016 S.L. E DAVARIAN PROPIEDAD S.A.)**

4.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "ÁREA RECREATIVA A HORTA DO CURA FASE I" (POS+ ADICIONAL 1/2019) O-17/2020

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ORDINARIA DO 19.04.2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de abril de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A ALBERTO MARTÍN VIEITES JORGE**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Feros, 13, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503004580000SA, segundo proxecto redactado polo arquitecto César García Piñeiro.
Expediente núm: **2019/U022/000012**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto César García Piñeiro, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 20.03.2019 e 02.03.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das

obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 55,03 metros cadrados, asinado polo promotor e por Jesúsa Mazás Mosquera.
-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (3028668), xunto co xustificante de pagamento.
- Figura no expediente resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo, Servizo de Xestión Cultural, expte. 1204/19, autorizando as obras, coas condicións que figuran na dita resolución.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor e por Jesúsa Mazás Mosquera.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase

que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: César García Piñeiro
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Juan Carlos Rodríguez García
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Juan Carlos Rodríguez García
-Edificabilidade: 0,25 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 3,90 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 24,62 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: <4,00 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 181.217,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.624,34 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 66,25 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.810,59 euros.

2.2. **A MARTINA ANDUJAR CARBIA**, licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Casaldomiro, 31, parroquia de Recesende, R.C.: 001600100NH34B0001YI, segundo proxecto redactado polo arquitecto Oscar L. Rodríguez Ramos.
Expediente núm: **2020/U022/000040**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Oscar L. Rodríguez Ramos, visado no colexio oficial de arquitectos en data 02.03.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Oscar L. Rodríguez Ramos
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Francisco Fernández Novas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Francisco Fernández Novas
-Edificabilidade: 0,24 m^2/ m^2
-Altura máxima: B+1 6,61 m.
-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 14,45 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: existentes
Pendente máxima de cuberta: 25º
Altura do cumio: <4,00 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 210.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4.200,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 451,73 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.771,73 euros.

2.3. **A NEREA FUENTES GONZÁLEZ**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Bouñou, 5, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510051590000SQ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel del Río García.
Expediente núm: **2020/U022/000042**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Miguel del Río García, visado no colexio oficial de arquitectos en data 27.11.2020.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 177,00 metros cadrados, asinado pola promotora.
-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (3028653), xunto co xustificante de pagamento.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á

súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Miguel del Río García
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Francisco Javier Alonso Ruibal
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Francisco Javier Alonso Ruibal
-Edificabilidade: 0,30 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 4,41 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 29,89 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: 3,00 m
Pendente máxima de cuberta: <5,71º
Altura do cumio: <4,00 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 140.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.800,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 116,07 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.036,07 euros.

2.4. **A CARLOS MANUEL SARDIÑA CAMINO**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Raxó, 2, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515114440000KK, segundo proxecto redactado polas arquitectas Cristina Ouzande Lugo e Cristina Ezcurra de la Iglesia.
Expediente núm: **2020/U022/000019**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polas arquitectas Cristina Ouzande Lugo e Cristina Ezcurra de la Iglesia, visado no colexio oficial de arquitectos en data 13.04.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (3028624), xunto co xustificante de pagamento.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo

non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Cristina Ouzande Lugo e Cristina Ezcurra de la Iglesia
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Manuel Feijoo Calviño
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Manuel Feijoo Calviño
-Edificabilidade: 0,24 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 3,50 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 24,42 %
Recuamento á aliñación: 6,51 m
Recuamento a lindeiros: 3,04 m
Pendente máxima de cuberta: 5º
Altura do cumio: 0,77 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 prazas/viv.
-Presuposto: 199.669,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.993,38 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.173,38 euros.

2.5. **A MARÍA CARMEN ROMERO DOMÍNGUEZ**, licenza para segregación (cinco parcelas) dunha finca situada en Cornide, 122, Calo, R.C.: 15083D508012840000MY, segundo proxecto redactado pola técnica Brígida García Couto.
Expediente núm: **2021/U018/000001**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 4 de xaneiro de 2021 (rex. entrada núm. 202199900000011), "Proyecto de segregación de parcela" redactado pola técnica Brígida García Couto.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Parcela 4	Parcela 5	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m^2	803,00 m	900,00 m	866,00 m	849,00 m	713,00 m	510,00 m
Fronte mínimo	14 m	23,30 m	17,00 m	17,00 m	18,00 m	52,12 m	
Ocupación	40 %	0,92 %					
Edificabilidade	0,30 m^2/m^2						

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, asinado pola promotora.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
2.6.- Escrito presentado por Carmen Dolores Jorge Mora, en data 22 de xaneiro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000000308, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Expediente núm: **2021/U007/000004**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 20 de abril de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 29 de abril de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **CARMEN DOLORES JORGE MORA,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en O Sisto, nº 20-A, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503021360000SE, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 25/2019, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.07.2019.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 120,00 €

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.

2.7.- Visto que na licenza urbanística núm. 20/2020, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2020, a **VICTORIA BEATRIZ PIÑEIRO VIDAL**, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Igrexa, nº 40, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508010530000SU, (Expte. electrónico 2019/U022/000031), segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, existe un erro en canto ao emprazamento da construción.

Resultando que na acta de replanteo de data 7 de xaneiro de 2021, figura o emprazamento da vivenda en A Igrexa, nº 38, parroquia de Calo.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xullo de 2020, de xeito que ***onde pon***: "construción dunha vivenda unifamiliar, en A Igrexa, nº 40, parroquia de Calo", ***debe poñer***: "construción dunha vivenda unifamiliar, en A Igrexa, nº 38, parroquia de Calo".

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.8.- Visto o escrito presentado por ROSA MARÍA FACAL VARELA, de data 14 de abril de 2021, con rexistro de entrada no concello número 202199900001095, en virtude co cal solicita corrección de erro, xuntando plano de situación e cesión modificado, por existir un erro, en canto a superficie de cesión, no plano do proxecto que serviu de base para a obtención da licenza urbanística núm. 44/2020, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de outubro de 2020, a **ESTEFANÍA SOUTO ESPASANDÍN e a SANTIAGO RECAREY CASTRO**, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Agrela, nº 10, parroquia de Lampai, R.C.: 15083B504001130000SH, (Expte. electrónico 2020/U022/000006), segundo proxecto redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, figurando no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 111,00 metros cadrados, asinado polos promotores.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2020, de xeito que a superficie de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, pasa de 111,00 metros cadrados a 158,00 metros cadrados, segundo o plano de situación e cesión modificado, presentado por Rosa María Facal Varela, en data 14 de abril de 2021 (rex. entrada número 202199900001095).

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DAS LICENZAS URBANÍSTICAS 15/1994 e 119/1995 (TALAL INVESTIMENTS 2016 S.L. e DAVARIAN PROPIEDAD S.A.)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira delegada de urbanismo de 30 de abril de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vistos os expedientes de concesión de licenza urbanística a Mohammad Hossein Keshavarz Manesh, para obras de reconstrución de dúas vivendas unifamiliares, en Balcaide, parroquia de Calo (expte. 15/1994) e para obras de reforma do teito da edificación en Balcaide, Calo (expte. 119/1995), concedidas Comisión de Goberno en sesións, respectivamente, de 1 de febreiro de 1994 e de 12 de xuño de 1995, retiradas polo interesado en datas 21.02.1994 e 16.06.1995.

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo, o artigo 145.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e concordantes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de dita Lei (RLSG), a caducidade será declarada pola administración logo do procedemento con audiencia do interesado.

Visto que segundo o informe do arquitecto técnico municipal, de data 30 de marzo de 2021, están sen executar as correspondentes e necesarias obras para rematar na súa totalidade as edificación.

Considerando que nas expresadas licenzas fixáronse, de acordo coa normativa aplicable, os prazos de iniciación e finalización das obras, nos termos seguintes: un ano para comezar, e tres anos para rematar; sendo seis meses o prazo máximo de interrupción.

Considerando que se produciu un incumprimento no prazo de finalización, sen que ao promotor lle fora concedida prórroga do mesmo, e sen que conste a existencia de causa non imputable ao interesado que xustifique o citado incumprimento.

Considerando que, mediante Decreto da concelleira delegada de urbanismo de data 5 de abril de 2021 (Res 325/2021), iniciouse expediente declarativo da extinción do dereito a edificar, con caducidade da licenza para obras de reconstrución de dúas vivendas unifamiliares, en Balcaide, parroquia de Calo (expte. 15/1994) e para obras de reforma do teito da edificación en Balcaide, Calo (expte. 119/1995), por incumprimento dos prazos establecidos na mesma e concedendo un prazo de vista do expediente e audiencia de dez días de acordo co disposto o art. 82 da Lei 39/2015.

Considerando que durante o trámite de audiencia os interesados non presentan escrito de alegacións algún.

Considerando que, de acordo coa normativa vixente, os titulares dos terreos teñen que cumprir, entre outros, os deberes de edificar os solares nos prazos fixados na preceptiva licenza de edificación.

Considerando que unha vez caducada a licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Declarar a caducidade da licenza para obras de reconstrución de dúas vivendas unifamiliares, en Balcaide, parroquia de Calo (expte. 15/1994) e para obras de reforma do teito da edificación en Balcaide, Calo (expte. 119/1995), do que son promotores TALAL INVESTIMENTS 2016 S.L.U. e DIVARIAN PROPIEDAD S.A., concedidas pola Comisión de Goberno en sesións, respectivamente, de 1 de febreiro de 1994 e de 12 de xuño de 1995, por incumprimento dos prazos establecidos.*

Segundo*.- Notificar o presente acordo aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade da licenza para obras de reconstrución de dúas vivendas unifamiliares, en Balcaide, parroquia de Calo (expte. 15/1994) e para obras de reforma do teito da edificación en Balcaide, Calo (expte. 119/1995), do que son promotores TALAL INVESTIMENTS 2016 S.L.U. e DIVARIAN PROPIEDAD S.A., concedidas pola Comisión de Goberno en sesións, respectivamente, de 1 de febreiro de 1994 e de 12 de xuño de 1995, por incumprimento dos prazos establecidos.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

4.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000881 do 24/03/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 19 de abril de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 24 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000881), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para a conexión á rede de baixa tensión existente, mediante unha calicata, con unha canalización de 2 metros, en A Igrexa, 38, Calo (S.G.D.: 618521020215).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000001558 de 15/04/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-14/2021) para a conexión á rede de baixa tensión existente, mediante unha calicata, con unha canalización de 2 metros, en A Igrexa, 38, Calo (S.G.D.: 618521020215), de acordo co solicitado con data de 24 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000881).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-14/2021) para a conexión á rede de baixa tensión existente, mediante unha calicata, con unha canalización de 2 metros, en A Igrexa, 38, Calo (S.G.D.: 618521020215), de acordo co solicitado con data de 24 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000881).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000883 do 25/03/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 19 de abril de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 25 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000883), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 54 metros, en Mazas, 3, Calo (S.G.D.: 618520120034).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (2.700,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000001560 de 15/04/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-16/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 54 metros, en Mazas, 3, Calo (S.G.D.: 618520120034), de acordo co solicitado con data de 25 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000883).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-16/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 54 metros, en Mazas, 3, Calo (S.G.D.: 618520120034), de acordo co solicitado con data de 25 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000883).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000884 do 25/03/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 19 de abril de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 25 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000884), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 101 metros, en As Laxes, 11-B, Cacheiras (S.G.D.: 618521010072).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (4.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000001559 de 15/04/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-17/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 101 metros, en As Laxes, 11-B, Cacheiras (S.G.D.: 618521010072), de acordo co solicitado con data de 25 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000884).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-17/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 101 metros, en As Laxes, 11-B, Cacheiras (S.G.D.: 618521010072), de acordo co solicitado con data de 25 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000884).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "ÁREA RECREATIVA A HORTA DO CURA FASE I" (POS+ ADICIONAL 1/2019) O-17/2020

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 30 de abril de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de decembro de 2020 pola que, en relación ao expediente de contratación AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020, motívase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar, o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito,

os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+2019.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de data 16 de decembro de 2020.
- Informe técnico de contratación de data 15 de decembro de 2020 e 30 de abril de 2021.
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, de data 30 de abril de 2021.
- Informe da adxunta a secretaría de data 30 de abril de 2021.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 30 de abril de 2021.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, proponse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada por Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020, mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 30 de abril de 2021, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 439.998,88 € (363.635,44 € + 76.363,44 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 151/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público),

para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:
Presidenta: Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.
Vogais:
- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Margarita Rosende Domínguez, concelleira do grupo municipal do PP.

Secretaria:
Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaría xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e a concelleira Margarita Rosende Domínguez pola concelleira María Vázquez Rey. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO

(POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020, mediante procedemento aberto simplificado, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 30 de abril de 2021, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 439.998,88 € (363.635,44 € + 76.363,44 € de IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 151/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:
Presidenta: Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade.
Vogais:
- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- Margarita Rosende Domínguez, concelleira do grupo municipal do PP.
Secretaria:
Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaría xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a presidenta será substituída polo alcalde, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto

municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e a concelleira Margarita Rosende Domínguez pola concelleira María Vázquez Rey. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

<u>Sexto</u>.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.05.11 12:16:09 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.05.11 12:14:59 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 10/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

-18 DE MAIO DE 2021-

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e dez minutos do día 18 de maio de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA ORDINARIA DO 03.05.2021**

2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 46/2020**

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO 18/2020

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS DE MARÍA BEGOÑA NEIRA CASTRO

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2020-2021

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ORDINARIA DO 03.05.2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de maio de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A CLARA GONZÁLEZ IGLESIAS**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Raxó, 2, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515214440000KU, segundo proxecto redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce.
Expediente núm: **2021/U022/000010**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no colexio oficial de arquitectos en data 20.11.2020.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 16,35 metros cadrados, asinado pola promotora.
-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (3028679).
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Andrés Fernández Couce
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Francisco Gutiérrez Bordón
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Francisco Gutiérrez Bordón
-Edificabilidade: 0,20 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 2,70 m.
-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 20,00 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: 3,00 m
Pendente máxima de cuberta: 29º
Altura do cumio: 1,90 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 83.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.660,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.840,00 euros.

2.2. **A ENCARNACIÓN FIGUEIRAS FERNÁNDEZ**, licenza para segregación (dúas parcelas) dunha finca situada en A Póboa, 20-21, Cacherias, R.C.: 001701600NH34D0001RE, segundo proxecto redactado pola técnica Brígida García Couto.
Expediente núm: **2020/U018/000022**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 4 de novembro de 2020 (rex. entrada núm. 202000000005494), "Proyecto de segregación de parcela en 2 parcelas resultantes" redactado pola técnica Brígida García Couto.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	U3	U3	U3	U3
Superficie mínima	600 m^2	955,00 m^2	956,00 m^2	243,00 m^2
Fronte mínimo	14 m	26,66 m	26,46 m	
Ocupación	25 %	12.636 %	10,60 %	
Edificabilidade	0,30 m^2/m^2	0,239 m^2/m^2	0,30 m^2/m^2	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 243,00 metros cadrados, asinado pola promotora.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.3. **A ELENA FERNÁNDEZ BAUTIS**, licenza para segregación (cinco parcelas) dunha finca situada en Solláns, 99 e 181, Calo, R.C.: 15083B508004000000SZ, segundo proxecto redactado polo técnico Xoán Manuel Reyes Salgado.
Expediente núm: **2018/U018/000007**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 7 de maio de 2021 (rex. entrada núm. 202199900001293), "Proxecto modificado: segregación da finca nº 400 da concentración parcelaria de San Xoan de Calo" redactado polo técnico Xoán Manuel Reyes Salgado, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, en data 06.05.2021.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Parcela 4	Parcela 5	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m^2	1.834,00 m	2.005,00 m	1.175,00 m	1.175,00 m	1.175,00 m	288,00 m
Fronte mínimo	14 m	20,01 m	18,18 m	23,93 m	21,85 m	20,39 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 288,00 metros cadrados, asinado pola promotora.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,00 €.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO
***3.1.*- LICENZA 46/2020.**
Escrito presentado por Jesús Paz Sixto, en data 5 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001273, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do

viario, correspondentes coa licenza urbanística 46/2020, xuntando escritura pública de data vinte nove de decembro de 2020, do notario Francisco López Moledo, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de novembro de 2020, a Jesús Paz Sixto, para segregación (dúas resultantes) dunha finca situada en Eo dos Menecos, Polígono 507, Parcela 240, R.C.: 15083B507002400000SB (Expte. electrónico 2020/U018/000014), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos sres. Jesús e Santiago Paz Sixto.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 113,81 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte nove de decembro de 2020, do notario Francisco López Moledo, dunha superficie de 113,81 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 46/2020.

Segundo.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de novembro de 2020 (Lic. 46/2020).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

***3.2.*- LICENZA 48/2020.**

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Uvaldina Dolores Milmanda Barreiro, en data 10 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001302 no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 48/2020, xuntando escritura pública de data dezanove de xaneiro de 2021, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de novembro de 2020, a Uvaldina Dolores Milmanda Barreiro, para segregación (tres resultantes) dunha finca situada en Castres, 21, Oza, R.C.: 15083B507000390000SU, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola sra. Milmanda e os seres. José Luis Leal e Jaime Leal.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 159,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data dezanove de xaneiro de 2021, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 159,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 48/2020.

Segundo.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de novembro de 2020 (Lic. 48/2020).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO
***4.1.*- LICENZA 14/2019.**
Escrito presentado por Juan Carlos Fernández Fernández, en data 30 de abril de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000001828, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de abril de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de abril de 2019, a Juan Carlos Fernández Fernández, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada (Expte. electrónico 2018/U022/000014), na rúa Ledín, 28, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508013460000SY, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado por Mª Begoña Dueñas Garazo.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 126,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Finca número 1346-1, do plano de concentración parcelaria de Calo, dunha superficie de centro vinte seis metros cadrados. inscrición: Nota número: 1 á marxe de Insc/Anot: 2, Tomo: 953, libro: 373, folio 38, data: 20 de abril de 2021. Código Rexistral Único: 15013001121607.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte seis de agosto de 2019, do notario Manuel María Romero Neira, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 607/2020), de data 2 de xullo de 2020, expte. 18/2020.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de abril de 2019, a Juan Carlos Fernández Fernández, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada (Expte. electrónico 2018/U022/000014), na rúa Ledín, 28, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508013460000SY.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

***4.2.*- LICENZA 45/2020.**

Escrito presentado por José Manuel Corbelle Calviño, en data 10 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000002003, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de xaneiro de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de outubro de 2020, a José Manuel Corbelle Calviño, para obras de construción dunha edificación destinada a almacén agrícola (Expte. electrónico 2020/U022/000007), na Parcela 233 de concentración de Teo, R.C.: 15083A506002330001LH, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo sr. Corbelle e a sra. Suárez.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 216,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo situado na zona de concentración parcelaria de Santa María de Teo, dunha superficie de dous centos dezaseis metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 970, libro: 379, folio 1, data: 30 de abril de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127494.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data sete de decembro de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xullo de 2019, expte. 25/2019.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de outubro de 2020, a José Manuel Corbelle Calviño, para obras de construción dunha edificación destinada a almacén agrícola (Expte. electrónico 2020/U022/000007), na Parcela 233 de concentración de Teo, R.C.: 15083A506002330001LH.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.
5.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000282 do 04/02/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 4 de maio de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 4 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000282), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 19 metros, en Solláns, 133, Calo (S.G.D.: 618520100180).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (950,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000000994 de 11/03/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-8/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 19 metros, en Solláns, 133, Calo (S.G.D.: 618520100180), de acordo co solicitado con data de 4 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000282).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-8/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 19 metros, en Solláns, 133, Calo (S.G.D.: 618520100180), de acordo co solicitado con data de 4 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000282).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JUAN JESÚS VALIÑO BASCOY (rex. entrada nº 202100000001744 do 27/04/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 12 de maio de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Juan Jesús Valiño Bascoy, de 27 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202100000001744), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para substitución dunha tubaria, por ruptura en distintos puntos, dunha lonxitude de 115 mts., en Lamas, Cacheiras.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 1.200 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 28/04/2021) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Juan Jesús Valiño Bascoy, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-23/2021) para substitución dunha tubaria, por ruptura en distintos puntos, dunha lonxitude de 115 mts., en Lamas, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 27 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202100000001744).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Juan Jesús Valiño Bascoy, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-23/2021) para substitución dunha tubaria, por ruptura en distintos puntos, dunha lonxitude de 115 mts., en Lamas, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 27 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202100000001744).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINS LUCRATIVOS DE MARÍA BEGOÑA NEIRA CASTRO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 11 de maio de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude de baixa no padrón da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos, presentada por María Begoña Neira Castro con NIF 44807514H, con data 27/10/2020 (R.E. 5297).

Visto que dita solicitude ven motivada polo cese na actividade de outros cafés e bares (epígrafe 673.2 do IAE) no local situado en Trav. de Montouto, número 49, con data 31/03/2020, tal e como acredita co modelo 036 da Axencia Tributaria Estatal.

Visto o informe proposta de liquidación da Tesourería da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos de data 11 de maio de 2021.

Vista a Ordenanza fiscal vixente da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos e a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como o Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Reglamento xeral de recadación.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Anular o seguinte recibo da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos correspondente ao exercicio 2020:

TITULAR RECIBO	NIF	DOMICILIO TRIBUTARIO	Nº FIXO	ANUALIDA DE
NEIRA CASTRO MARIA BEGOÑA	44807514 H	TRAV. MONTOUTO, 49 BAIXO	543000627261	2020

Segundo.- Proceder á Baixa no padrón fiscal da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos de María Begoña Neira Castro con NIF 44807514H, no domicilio tributario de Trav. Montouto, nº 49. (referencia catastral: 002303700NH34D0016TG)

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria a nome de María Begoña Neira Castro con NIF 44807514H co seguinte detalle:

Nº LIQUIDACIÓN	**31-2021**
SUXEITO PASIVO	NEIRA CASTRO MARÍA BEGOÑA
NIF	44807514H
ENDEREZO TRIBUTARIO	TRAV. MONTOUTO, 49- MONTOUTO-

	CACHEIRAS
REF. CATASTRAL	002303700NH34D0016TG
TARIFA	TARIFA 1- CAFETERÍAS, CAFÉ-BAR, BARES, CERVEXARÍAS E PASTELERÍAS, (POR METRO CADRADO E ANO: 15 €).
ESPAZO OCUPADO	14 m2
PERÍODO DE OCUPACIÓN	PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020
IMPORTE TOTAL A PAGAR	**52,50€**

Cuarto.- Notificar o acordo adoptado á interesada e á Deputación provincial da Coruña como organismo que ostenta á recadación da taxa en virtude de convenio de delegación, así como dar traslado do acordo á Intervención e á Tesouraría."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Anular o seguinte recibo da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos correspondente ao exercicio 2020:

TITULAR RECIBO	NIF	DOMICILIO TRIBUTARIO	Nº FIXO	ANUALIDADE
NEIRA CASTRO MARIA BEGOÑA	44807514H	TRAV. MONTOUTO, 49 BAIXO	543000627261	2020

Segundo.- Proceder á Baixa no padrón fiscal da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con fins lucrativos de María Begoña Neira Castro con NIF 44807514H, no domicilio tributario de Trav. Montouto, nº 49. (referencia catastral: 002303700NH34D0016TG)

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria a nome de María Begoña Neira Castro con NIF 44807514H co seguinte detalle:

Nº LIQUIDACIÓN	**31-2021**
SUXEITO PASIVO	NEIRA CASTRO MARÍA BEGOÑA
NIF	44807514H
ENDEREZO TRIBUTARIO	TRAV. MONTOUTO, 49- MONTOUTO-CACHEIRAS
REF. CATASTRAL	002303700NH34D0016TG
TARIFA	TARIFA 1- CAFETERÍAS, CAFÉ-BAR, BARES, CERVEXARÍAS E PASTELERÍAS, (POR METRO CADRADO E ANO: 15 €).
ESPAZO OCUPADO	14 m2
PERÍODO DE OCUPACIÓN	PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020
IMPORTE TOTAL A PAGAR	**52,50€**

Cuarto.- Notificar o acordo adoptado á interesada e á Deputación provincial da Coruña como organismo que ostenta á recadación da taxa en virtude de convenio de delegación, así como dar traslado do acordo á Intervención e á Tesouraría

7.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2020-2021**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Comisión Avaliadora das axudas de ensino e transporte,curso académico 2020/2021, de 10 de maio de 2021, que se recolle a continuación:

PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 05/10/2020, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)) acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas de ensino e o transporte do Concello de Teo para o curso académico 2020/2021. A convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 171 de data 14/10/2020, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Unha vez publicada a convocatoria no BOP ábrese un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles (dende o 15/10/2020 ao 12/11/2020).

Examinada a documentación presentada en prazo, esta comisión avaliadora realizou unha primeira proposta de subsanación de erros, de acordo coa base oitava, que se publicou no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal. Os interesados/as tiveron un prazo de 10 días (dende o 26/04/2021 ata o 07/05/2021) para a subsanación de documentación.

Os criterios de valoración das solicitudes presentadas foron os establecidos na base sexta da convocatoria considerando o límite máximo de crédito orzamentario dispoñible de 35.000€ fixado na base sétima da citada convocatoria.

(...)

Examinada a documentación complementaria presentada, esta comisión avaliadora eleva á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación e pago de axudas de ensino e transporte para o **curso académico 2020/2021,** anteriormente transcrita, e correspondente á citada convocatoria.".

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Andrés Fernández Couce
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Francisco Gutiérrez Bordón
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Andrés Fernández Couce
-Edificabilidade: 0,12 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 2,60 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 11,76 %
Recuamento á aliñación: > 3,00 m
Recuamento a lindeiros: 3,20 m
Pendente máxima de cuberta: 14º
Altura do cumio: 1,72 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 75.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.500,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.680,00 euros.

2.6. **A Mª TERESA GONZÁLEZ IGLESIAS**, licenza para obras de construción dun alpendre para uso agropecuario, en Paraxó, 19, Luou, R.C.: 15083A501106190000KA, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra.
Expediente núm: **2020/U022/000036**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado no colexio oficial de arquitectos en data 09.11.2020.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O

Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas

naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Edificación auxiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: José Antonio Hernando Ezquerra
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pedro Navaza Sa
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pedro Navaza Sa
-Edificabilidade: 0,1 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 3,58 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 9,75 %
Recuamento á aliñación: 13,61 m
Recuamento a lindeiros: 3,50 m
Pendente máxima de cuberta: 8,5º
Altura do cumio: 0,60 m
-Presuposto: 31.270,11 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 625,40 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 805,40 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.

2.7.- Visto o escrito presentado por Pedro Antonio Paz Rubí, en representación de DOLORES BARREIRO BREA, o 13 de febreiro de 2020 (rex. entrada núm. 2020999000001561), xuntando "Modificación proyecto de segregación y posterior agregación", no que expón que existe un erro na superficie dunha das parcelas que figuran no proxecto de segregación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 7 de marzo de 2016 (expte. 21/2016), a **Mª DOLORES BARREIRO BREA,** representada por Arturo Calvo Tarrio, para segregación (dúas parcelas) das fincas núms. 1043-1, 1043 e 2035, situadas en César, Calo, segundo proxecto redactado por Arturo Calvo Tarrio, e solicita a súa corrección segundo o proxecto modificado presentado.

Visto que, segundo copia simple da escritura presentada por Arturo Calvo Tarrio o 19 de maio de 2021 (rex. entrada núm. 2020999000001561), o 11 de maio de 1982, conforme a escritura pública outorgada ante o Notario Ildefonso Sánchez Mera, a sra. Barreiro formaliza unha segregación da finca de concentración parcelaria de San Xoan de Calo núm. 1043 duns 70 m^2.

Visto o informe técnico, redactado polo arquitecto municipal, do 1 de xuño de 2021, no que constata que existe un erro na superficie dunha das parcelas que figuraban como parcelas orixe no proxecto en base ao que se concedeu a licenza (expte. 21/2016).

Considerando que, segundo a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2016, as parcelas resultantes, segundo o proxecto presentado, son:

-Finca 1043-1-2: 1.474,00 m^2 (superficie neta: 1.393,00 m^2)
-Finca 1043-2035: 2.686,00 m^2 (superficie neta 2.594,00 m^2)

Porén, á vista da nova documentación aportada pola interesada, que pon de manifesto a existencia dun erro na identificación das parcelas, as parcelas resultantes deberían ser:

	PXOM	Parcela 1043-1	Parcela 1043-2
Ordenanza de aplicación	N1	N1	N1
Superficie mínima	300 m^2	1.365,00 m^2	2.570,00 m^2
Fronte mínimo	12 m	23,40 m	58,60 m
Edificabilidade	0,40 m^2/m^2	0,18 m^2/m^2	0,18 m^2/m^2
Ocupación	50%	6,6%	6,9%

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que, segundo o último dos artigos citados, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que, neste suposto, trátase de rectificar un erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2016, no referido ás parcelas resultantes da segregación e a superficie das mesmas, tratándose dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos que obran no expediente administrativo.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2016, en relación ás parcelas resultantes da segregación e a superficie das mesmas, debéndose substituír as parcelas resultantes recollidas no citado acordo ((Finca 1043-1-2: 1.474,00 m^2 (superficie neta: 1.393,00 m^2) e Finca 1043-2035: 2.686,00 m^2 (superficie neta 2.594,00 m^2)), polas parcelas resultantes que se recollen a continuación:

	PXOM	Parcela 1043-1	Parcela 1043-2
Ordenanza de aplicación	N1	N1	N1
Superficie mínima	300 m^2	1.365,00 m^2	2.570,00 m^2
Fronte mínimo	12 m	23,40 m	58,60 m
Edificabilidade	0,40 m^2/m^2	0,18 m^2/m^2	0,18 m^2/m^2
Ocupación	50%	6,6%	6,9%

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO
***3.1.*- LICENZA 2020/U022/000016.**
Escrito presentado por José Carlos Taibo Rivera, en representación de Marta Rodríguez Gómez, en data 19 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001377, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 2020/U022/000016, xuntando escritura pública de data vinte oito de xaneiro de 2021, do notario Manuel Remuñán López, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de abril de 2021, a Marta Rodríguez Gómez e Yolanda Rodríguez Taboada, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cantoña, 24, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501003280001LL, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban na escritura pública de data vinte oito de xaneiro de 2021, do notario Manuel Remuñán López.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 29,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte oito de xaneiro de 2021, do notario Manuel Remuñán López, dunha superficie de 29,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 2020/U022/000016.

Segundo.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de abril de 2021 (Lic. 2020/U022/000016).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

***3.2.*- LICENZA 44/2020.**

Escrito presentado por Estefanía Souto Espasandín, en data 27 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000002309, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 44/2020, xuntando escritura pública de data vinte seis de maio de 2021, do notario Manuel María Romero Neira, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020, a Estefanía Souto Espasandín e a Santiago Recarey Castro, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Agrela, 10, Lampai, R.C.: 15083B504001130000SH, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

Visto que segundo acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de maio de 2021, a petición dos interesados, rectifícase a superficie de cesión, pasando de 111,00 metros cadrados a 158,00 metros cadrados.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 158,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte seis de maio de 2021, do notario Manuel María Romero Neira, dunha superficie de 158,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 44/2020.

Segundo.- Deberá procederse pola interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno,

manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020 (Lic. 44/2020).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO
***4.1.*- LICENZA 2019/U022/000047**
Escrito presentado por Martín Vázquez Baño, en data 26 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001437, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de abril de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2021, a Martín Vázquez Baño, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 22, Calo, R.C.: 15083B508013430001DE, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo sr. Vázquez.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 152,70 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Finca número 1342 – 1343-1, do plano de concentración parcelaria de Calo, dunha superficie de centro cincuenta e dous con setenta metros cadrados. Inscrición: 2ª, Tomo: 970, libro: 379, folio 114, data: 11 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001128026.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data dezaseis de marzo de 2021, do notario Manuel María Romero Neira, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2021, expte. 2019/U022/000047.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2021, a Martín Vázquez Baño, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 22, Calo, R.C.: 15083B508013430001DE.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

***4.2.*- LICENZA 39/2020**

Escrito presentado por Flavio Seijas Naya, en data 24 de maio de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000002209, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de abril de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, a Flavio Seijas Naya, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2020/U022/000001), en Fixó, 13, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508006420000SM, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo sr. Seijas.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 88,42 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Finca número 642-1, do plano de concentración parcelaria de Calo, dunha superficie de cincuenta e oito con trinta e seis metros cadrados. Inscrición: 2ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 142, data: 18 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127265.

Finca número 642-2, do plano de concentración parcelaria de Calo, dunha superficie de trinta con cero seis metros cadrados. Inscrición: 2ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 143, data: 18 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127272.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte seis de novembro de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, expte. 39/2020.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, a Flavio Seijas Naya, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2020/U022/000001), en Fixó, 13, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508006420000SM.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

***4.3.*- LICENZA 46/2020**

Escrito presentado por Santiago Paz Sixto, en data 1 de xuño de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000002412, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de maio de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de novembro de 2020, a Jesús Paz Sixto, para segregación (dúas resultantes) dunha finca situada en Eo dos Menecos, Polígono 507, Parcela 240, R.C.: 15083B507002400000SB (Expte. electrónico 2020/U018/000014), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos sres. Jesús e Santiago Paz Sixto.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 113,81 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo situado na zona de concentración parcelaria de Oza, dunha superficie de cincuenta e oito con cincuenta e oito metros cadrados. Inscrición: 2ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 140, data: 28 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127326.

Porción de terreo situado en Oza "Cachopeira", dunha superficie de cincuenta e cinco con vinte tres metros cadrados. Inscrición: 2ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 141, data: 18 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127333.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte nove de decembro de 2020, do notario Francisco López Moledo, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de novembro de 2020, expte. 46/2020.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de novembro de 2020, a Jesús Paz Sixto, para segregación (dúas resultantes) dunha finca situada en Eo dos Menecos, Polígono 507, Parcela 240, R.C.: 15083B507002400000SB (Expte. electrónico 2020/U018/000014).

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

5.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000266 do 01/02/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 24 de maio de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 1 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000266), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 20 metros, en A Pedreira, 90, Calo (S.G.D.: 618520100247).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (800,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000000995 de 11/03/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-7/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 20 metros, en A Pedreira, 90, Calo (S.G.D.: 618520100247), de acordo co solicitado con data de 1 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000266).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-7/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 20 metros, en A Pedreira, 90, Calo (S.G.D.: 618520100247), de acordo co solicitado con data de 1 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000266).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JOSÉ PAIS SABUGUEIRO (rex. entrada nº 202100000002133 do 19/05/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 1 de xuño de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por José Pais Sabugueiro, de 19 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202100000002133), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha canalización soterrada de 14 mts. e unha soleira, en Travesía de Cacheiras, 122, Cacheiras.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 700,00 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 20/05/2021) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a José Pais Sabugueiro, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-26/2021) para unha canalización soterrada de 14 mts. e unha soleira, en Travesía de Cacheiras, 122, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 19 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202100000002133).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a José Pais Sabugueiro, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-26/2021) para unha canalización soterrada de 14 mts. e unha soleira, en Travesía de Cacheiras, 122, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 19 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202100000002133).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

5.3.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A MERCEDES PAZOS MONTES (rex. entrada nº 202100000002159 do 20/05/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 1 de xuño de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Mercedes Pazos Montes, de 20 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202100000002159), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha canalización e unha soleira, en Insua, 49, Luou.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 20/05/2021) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Mercedes Pazos Montes, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-27/2021) para unha canalización e unha soleira, en Insua, 49, Luou, de acordo co solicitado con data 20 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202100000002159).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Mercedes Pazos Montes, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-27/2021) para unha canalización e unha soleira, en Insua, 49, Luou, de acordo co solicitado con data 20 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202100000002159).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE AXUDA PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2020-2021

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 2 de xuño de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE AXUDA PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 05/10/2020, por unanimidade dos seus mebros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)) acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas de ensino e o transporte do Concello de Teo para o curso académico 2020/2021. A convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 171 de data 14/10/2020, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Unha vez examinada a documentación presentada en prazo, a comisión avaliadora destas axudas realizou unha primeira proposta de concesión á Xunta de Goberno Local.

Con data 18 de maio a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a proposta de adxudicación e pago de axudas de ensino e transporte para o curso académico 2020/2021 feita pola comisión avalidora en data 10 de maio de 2021 por un importe total de 27.640,36€.

Visto que con data 24 de maio de 2021, Enrique Otero Cajade con NIF 33277826T, formula recurso de reposición, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de maio de 2021, polo que se aproba a proposta de adxudicación e pago de axudas de ensino e transporte para o curso académico 2020/2021 feita pola comisión avaliadora.

Vista a proposta de concesión de axudas realizada pola comisión avaliadora da convocatoria de axudas de ensino e transporte de data 31/05/2021.

Visto que a proposta da comisión avaliadora conta coa fiscalización favorable da Intervención municipal de data 1 de xuño de 2021.

Propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición presentado por Enrique Otero Cajade, visto que a súa solicitude de data 09/11/2020, con rexistro de entrada na Xunta de Galicia 12671, se presentou efectivamente no prazo establecido na convocatoria para a presentación de solicitudes.

Segundo.- Conceder a axuda de ensino solicitada para o alumno Enrique Otero Rey nos seguintes termos:

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
OTERO REY ENRIQUE	X		100,00€		

Terceiro.-Aprobar e recoñecer este gasto con cargo á partida 320/480.00.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal".

PROPOSTA

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición presentado por Enrique Otero Cajade, visto que a súa solicitude de data 09/11/2020, con rexistro de entrada na Xunta de Galicia 12671, se presentou efectivamente no prazo establecido na convocatoria para a presentación de solicitudes.

Segundo.- Conceder a axuda de ensino solicitada para o alumno Enrique Otero Rey nos seguintes termos:

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
OTERO REY ENRIQUE	X		100,00€		

Terceiro.-Aprobar e recoñecer este gasto con cargo á partida 320/480.00.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición presentado por Enrique Otero Cajade, visto que a súa solicitude de data 09/11/2020, con rexistro de entrada na Xunta de Galicia 12671, se presentou efectivamente no prazo establecido na convocatoria para a presentación de solicitudes.

Segundo.- Conceder a axuda de ensino solicitada para o alumno Enrique Otero Rey nos seguintes termos:

ALUMNO/A	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE CONCEDIDO		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
OTERO REY ENRIQUE	**X**		**100,00€**		

Terceiro.-Aprobar e recoñecer este gasto con cargo á partida 320/480.00.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.07.01 11:49:13 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.07.01 11:47:56 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 12/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE XUÑO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas do día 21 de xuño de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

2.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**

3.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS**

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL E LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET, E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO. S-2/2018.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. **A GUSTAVO SEOANE FERREIRO e RAQUEL PÉREZ SAÑUDO**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Guldrís, 38, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015060000SO, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.
Expediente núm: **2021/U022/000006**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 27.01.2021 e 27.05.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 138,00 metros cadrados, asinado polos promotores.
-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (3028656), xunto co xustificante de pagamento.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polos promotores.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
-Edificabilidade: 0,13 m^2/ m^2
-Altura máxima: B+1 5,70 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 9,20 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: 3,05 m
Pendente máxima de cuberta: 27º
Altura do cumio: 3,55 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 172.053,44 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.441,07 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 265,50 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.826,57 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.2.- Escrito presentado por Fernando Antunes Varela, en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE AUGAS MANSAS, NÚMEROS 92 A 97, en data 27 de febreiro de 2018, con rexistro de entrada no Concello núm. 1427, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Expediente núm: **O-505/2018**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 15 de xuño de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 18 de xuño de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder á **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE AUGAS MANSAS, NÚMEROS 92 A 97,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para seis vivendas unifamiliares adosadas, emprazadas en Augas Mansas, núms. 92, 93, 94, 95, 96 e 97, parroquia de Cacheiras, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 154/01, concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 30.07.2001, rectificada, segundo acordo da Comisión de Goberno de data 01.08.2002, no referente ao número de parcela que ocupan as edificacións, por non coincidir coa numeración do proxecto de compensación, quedando a numeración correcta como parcelas 91 a 96.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.
As correspondentes Referencias Catastrais son as seguintes:

6017702NH3461N0001AB -Augas Mansas, nº 92 -P 91

6017703NH3461N0001BB -Augas Mansas, nº 93 -P 92

6017704NH3461N0001YB -Augas Mansas, nº 94 -P 93

6017705NH3461N0001GB -Augas Mansas, nº 95 -P 94

6017706NH3461N0001QB -Augas Mansas, nº 96 -P 95

6017707NH3461N0001PB -Augas Mansas, nº 97 -P 96

2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

Entrados neste punto, non se presenta ningún expediente.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS

3.1.- LICENZA 17/2020 -2019/U018/000015.
Escrito presentado por Pedro Luis Pérez Vallejo, en data 1 de xuño de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001491, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de abril de 2021.

Vista a licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 606/2020), de data 2 de xullo de 2020, a Pedro Luis Pérez Vallejo, para segregación (cinco resultantes) da parcela con referencia catastral núm. 15083B507001220000SM, situada en Ribas, 19, parroquia de Oza
(Expte. electrónico 2019/U018/000015), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo sr. Pérez e seis persoas máis.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 659,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Finca número Cento vinte dous-cinco da concentración parcelaria de Santa Eulalia de Oza, dunha superficie de seiscentos cincuenta e nove metros cadrados. inscrición: 2ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 66, data: 14 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127029.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data tres de decembro de 2020, do notario Francisco López Moledo , na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 606/2020), de data 2 de xullo de 2020, expte. 17/2020 -2019/U018/000015.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 606/2020), de data 2 de xullo de 2020, a Pedro Luis Pérez Vallejo, para segregación (cinco resultantes) da parcela con referencia catastral núm. 15083B507001220000SM, situada en Ribas, 19, parroquia de Oza (Expte. electrónico 2019/U018/000015).

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2.- LICENZA 2020/U022/000034.
Escrito presentado por José Luis Rodríguez García, en data 3 de xuño de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000002484, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de abril de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2021, a José Luis Rodríguez García, para obras de construción dun alpendre para uso agrícola, en Chao do Río, 6, parroquia de Reis, R.C.: 15083B510030600000SG, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro

da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran na escritura pública antes dita, correspondente coa licenza urbanística 19/13.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 123,50 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo segregado da finca número trescentos setenta e dous-B do plano de concentración parcelaria de San Miguel de Raris, dunha superficie de cento vinte tres con cincuenta metros cadrados. inscrición: 2ª, Tomo: 902, libro: 340, folio 210, data: 18 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013000990242.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data doce de marzo de 2013, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2021, expte. 2020/U022/000034.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2021, a José Luis Rodríguez García, para obras de construción dun alpendre para uso agrícola, en Chao do Río, 6, parroquia de Reis, R.C.: 15083B510030600000SG.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.3.- LICENZA 48/2020 -2020/U018/000019.

Escrito presentado por Uvaldina Dolores Milmanda Barreiro, en data 3 de xuño de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001519, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de maio de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de novembro de 2020, a Uvaldina Dolores Milmanda Barreiro, para segregación (tres resultantes) dunha finca situada en Castres, 21, Oza, R.C.: 15083B507000390000SU, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola sra. Milmanda e os seres. José Luis Leal e Jaime Leal.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 159,00 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Porción de terreo sita na zona de concentración parcelaria de Santa Eulalia de Oza, dunha superficie de cento cincuenta e nove metros cadrados. inscrición: 2ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 147, data: 31 de maio de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127302.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data dezanove de xaneiro de 2021, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de novembro de 2020, expte. 48/2020 - 2020/U018/000019.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de novembro de 2020, a Uvaldina Dolores Milmanda Barreiro, para segregación (tres resultantes) dunha finca situada en Castres, 21, Oza, R.C.: 15083B507000390000SU.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL E LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET, E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO. S-2/2018.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17 de xuño de 2021 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL E LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET, E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO. S-2/2018.

Visto o contrato do servizo de TELEFONÍA FIXA E MÓBIL E LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET, E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO, número de expediente S-2/2018 asinado o día 27 de xuño de 2018 por D. Alfredo Ramos González**,** en representación da entidade R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.U**,** CIF A-15.474.281, con domicilio social na R/ Real, 85 – 15003 A Coruña, adxudicataria do contrato de servizo.

Visto que con data 26 de abril de 2021 (rex entrada 202199900001183) D. Isidro Fernández de la Calle, en representación de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.U**,** CIF A-15.474.281 solicita a prórroga por un ano do contrato de servizos indicado.

Visto o certificado de Intervención de data 15 de xuño de 2021, sobre existencia de crédito e a fiscalización favorable á prórroga do contrato.

Visto o informe da adxunta a secretaría de data 15 de xuño de 2021.

Considerando o disposto na cláusula terceira do Prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato, relativa á duración do mesmo, e que literalmente di "O prazo de execución do contrato establécese en tres anos con posibilidade de prórroga por 1 ano máis, contados desde o día da sinatura do contrato administrativo ou na data que expresamente se indique no mesmo. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro dos prazos de implantación establecidos no prego de prescricións técnicas.
A prórroga deberá ser solicitada, no seu caso, antes do remate de período inicial de 3 anos."

Considerando o disposto no RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, proponse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada por Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Acordar a prórroga, polo período dun (1) ano, comprendido entre o 26 de xuño de 2021 ao 27 de xuño de 2022, ambos incluídos, do contrato de servizo de TELEFONÍA FIXA E MÓBIL, LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO, S-2/2018, asinado en data 27 de xuño de 2018 entre o concello de Teo e R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.U, CIF A-15.474.281, con domicilio social na R/ Real, 85 – 15003 A Coruña, adxudicataria do contrato, e que tiña unha duración inicial de tres (3) anos, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prorroga en documento administrativo o día 25 de xuño de 2021.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer o gasto correspondente, dando traslado do acordo á intervención municipal e á tesourería aos efectos oportunos.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria.”.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Acordar a prórroga, polo período dun (1) ano, comprendido entre o 26 de xuño de 2021 ao 27 de xuño de 2022, ambos incluídos, do contrato de servizo de TELEFONÍA FIXA E MÓBIL, LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO, S-2/2018, asinado en data 27 de xuño de 2018 entre o concello de Teo e R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.U, CIF A-15.474.281, con domicilio social na R/ Real, 85 – 15003 A Coruña, adxudicataria do contrato, e que tiña unha duración inicial de tres (3) anos, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prorroga en documento administrativo o día 25 de xuño de 2021.

<u>Terceiro</u>.- Aprobar e dispoñer o gasto correspondente, dando traslado do acordo á intervención municipal e á tesourería aos efectos oportunos.

<u>Cuarto</u>.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.07.01 13:51:10 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.07.01 13:45:46 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 13/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 5 DE XULLO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 5 de xullo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 07.06.2021 E ORDINARIA DO 21.06.2021**

2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DE 07.06.2021 E ORDINARIA DO 21.06.2021

Acta da sesión ordinaria do día 7 de xuño de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de xuño de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 21 de xuño de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 121 de xuño de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A JESÚS GARCÍA IGLESIAS**, licenza para obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar, en A Ribeira, 88, parroquia de Reis, R.C.: 002200900NH33F0001QR, segundo proxecto redactado pola arquitecta Susana Dosil Núñez.
Expediente núm: **2021/U022/000012**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado no colexio oficial de arquitectos en data 26.03.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Susana Dosil Núñez
-Arquitecto/a técnico/a director/a: José Manuel Fernández Castro
-Coordinador/a de seguridade e saúde: José Manuel Fernández Castro
-Edificabilidade: 0,12 m^2/ m^2
-Altura máxima: B+1+B C 5,20 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 8,55 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: 20º
Altura do cumio: 2,35 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 35.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 700,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 978,53 euros.

2.2. **A LUIS FUENTES GUILLÍN**, licenza para obras de consolidación dunha vivenda, en Bouñou, 5, parroquia de Raris, R.C.: 002000700NH33G001LD, segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel del Río García.
Expediente núm: **2021/U022/000013**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Miguel del Río García, visado no colexio oficial de arquitectos en data 25.02.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Miguel del Río García
-Edificabilidade: 0,31 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 4,35 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 15,75 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: 20º
Altura do cumio: 2,35 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.

-Presuposto: 21.500,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 430,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 166,34 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 716,34 euros.

2.3. **A JOSÉ MANUEL BLANCO RENDO**, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Pite, 60, parroquia de Lucí, R.C.: 15083J502002220000PZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra.
Expediente núm: **2021/U022/000014**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 24.03.2021 e 17.06.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 377,45 metros cadrados, asinado polo promotor.
-Figura no expediente garantía das conexións a redes públicas.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da

persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N2, Núcleo rural expansión

-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: José Antonio Hernando Ezquerra
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pedro Navaza Sa
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pedro Navaza Sa
-Edificabilidade: 0,20 m^2/ m^2
-Altura máxima: B+1 6,03 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 12,59 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: 8,46 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 1,13 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.
-Presuposto: 193.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.860,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 317,83 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.297,83 euros.

2.4. **A JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ,** en representación de **MA IMPORTACIONES S.L.**, licenza para segregación (seis parcelas) dunha finca situada en Reboredo, 2, Bamonde, R.C.: 15083B505000430000SO, segundo proxecto redactado polo técnico Miguel Varela de Ugarte.
Expediente núm: **2020/U018/000021**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 22 de setembro de 2020 (rex. entrada núm. 202099900001507), "Proxecto de parcelación" redactado polo técnico Miguel Varela de Ugarte, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en data 14.09.2020.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Parcela 4	Parcela 5	Resto de finca matriz	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2	N2	Rústico	N2
Superficie mínima	600 m^2	959,00 m^2	876,00 m^2	885,00 m^2	840,00 m^2	845,00 m^2	19.518 m^2	336,00 m^2
Fronte mínimo	14 m	56,00 m	19,00 m	19,00 m	19,00 m	15,00 m		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 336,00 metros cadrados, asinado por Juan Luis Cano Dequidt.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 360,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
2.5.- Escrito presentado por Tomás Sobrino Moreiras, en data 23 de abril de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000001705, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Expediente núm: **2021/U007/000010**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 29 de xuño de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 2 de xullo de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **TOMÁS SOBRINO MOREIRAS,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Osebe, 57, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508016720000SP, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 4/18, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.02.2018.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO
3.1.- LICENZA 33/2020 -2019/U022/000043
Escrito presentado por Sonia Bao Carro, en data 23 de xuño de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001759, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de marzo de 2021.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de agosto de 2020, a Sonia Bao Carro, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, nº 57, parroquia de Calo, R.C.: 002100300NH34A0001AX, (Expte. electrónico 2019/U022/000043), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figura na escritura de cesión presentada.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 11,94 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo, situado en Rúa de Francos, 57, Calo, dunha superficie de once con noventa e catro metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 968, libro: 378, folio 219, data: 30 de abril de 2021. Código Rexistral Único: 15013001127425.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data trece de xaneiro de 2021, do notario Andrés Antonio Sexto Presas, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 606/2020), de data 2 de xullo de 2020, expte. 17/2020 -2019/U018/000015.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de agosto de 2020, a Sonia Bao Carro, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Rúa de Francos, nº 57, parroquia de Calo, R.C.: 002100300NH34A0001AX, (Expte. electrónico 2019/U022/000043).

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2.- LICENZA 38/2020 -2019/U022/000025

Escrito presentado por María del Carmen Calviño Varela, en data 24 de xuño de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000003180, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24 de xuño de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2019, a Juan Fernando Gómez Madrid e María Carmen Calviño Varela, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000025), en Texexe, nº 30, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514012520000KT, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 54,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Franxa de terreo polo lindeiro oeste, na zona de concentración parcelaria de Calo, dunha superficie de cincuenta e catro metros cadrados. inscrición: 2ª, Tomo: 967, libro: 377, folio 74, data: 26 de abril de 2021. Código Rexistral Único: 15013001126053.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data trece de outubro de 2020, do notario Manuel Remuiñán López, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2019, expte. 38/2020 -2019/U022/000025.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2019, a Juan Fernando Gómez Madrid e María Carmen Calviño Varela, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000025), en Texexe, nº 30, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514012520000KT.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

4.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001148 do 20/04/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 22 de xuño de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 20 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001148), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 3 metros, en Castres, 3, Oza (S.G.D.: 618521030265).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000002711 de 10/06/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-21/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 3 metros, en Castres, 3, Oza (S.G.D.: 618521030265), de acordo co solicitado con data de 20 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001148).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-21/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 3 metros, en Castres, 3, Oza (S.G.D.: 618521030265), de acordo co solicitado con data de 20 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001148).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001160 do 22/04/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 22 de xuño de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 22 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001160), para que se lle

outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 151 metros, en Requián, 6, Cacheiras (S.G.D.: 618521010168).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (4.700,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000002973 de 17/06/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-22/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 151 metros, en Requián, 6, Cacheiras (S.G.D.: 618521010168), de acordo co solicitado con data de 22 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001160).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-22/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 151 metros, en Requián, 6, Cacheiras (S.G.D.: 618521010168), de acordo co solicitado con data de 22 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001160).

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A (rex. entrada nº 202199900001352 do 13/05/2020)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 28 de xuño de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 13 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202199900001352), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo unha ampliación de rede, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Montouto, 18, S/R.: GDEG1721040019.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 20219000011561 de 18/06/2021, Deputación A Coruña, recibo no Concello).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

<u>Primeiro</u>.- *Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-25/2021) para poder levar a cabo unha ampliación de*

rede, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Montouto, 18, S/R.: GDEG1721040019, de acordo co solicitado con data 13 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202199900001352).

***Segundo*.-** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Celestina López Morte, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-25/2021) para poder levar a cabo unha ampliación de rede, para subministro de gas natural canalizado en Travesía de Montouto, 18, S/R.: GDEG1721040019, de acordo co solicitado con data 13 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202199900001352).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.07.29 11:58:50 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.07.29 09:50:25 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO

ACTA 14/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 19 DE XULLO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dous minutos do día 19 de xullo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

Non asiste, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal.: D.ª Mª Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

2.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**

3.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

4.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D.ª MERCEDES PAZOS MONTES**

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR REALIZADAS DURANTE O ANO 2021

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS/AS POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS E PARA A PREPARACIÓN DAS DIFERENTES COMPETICIÓNS DURANTE ANO 2021

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2021

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. POS ADICIONAL 2/2020. O-4/2021

9.- PROPOSTA ADXUDICACIÓN AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020

10.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

11.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. **A JUAN CARLOS POMBO FERRÁS**, licenza para legalización dunha piscina, en Aido, 27, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501006310000KU, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Antonio Bello Rilo.
Expediente núm: **2019/U022/000044**

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N2, Núcleo rural expansión
-Usos: Piscina
-Edificabilidade: 0,23 m^2/ m^2
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 22,90 %
Recuamento á aliñación: >3,00 m
Recuamento a lindeiros: 4,50 m
-Presuposto: 12.055,27 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 241,10 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
Total: 301,10 euros.

1.2. **A FRANCISCO NEGREIRA DEL RÍO**, en representación de **GASOLINAS LUBRIFICANTES, REPUESTOS S.A.**, licenza para obras de cubrición das unidades de subministro no centro de servizos de A Ramallosa, situado en Travesía de A Ramallosa, 7, parroquia de Lucí, R.C.: 001300400NH33H0001KX, segundo proxecto redactado polos arquitectos Miguel Alonso Flamarique, Roberto Erviti Machain, Mamen Escorihuela Vitales e Antón Varela García.
Expediente núm: **2021/U022/000020**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Miguel Alonso Flamarique, Roberto Erviti Machain, Mamen Escorihuela Vitales e Antón Varela García, visado no colexio oficial de arquitectos en data 30.04.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira utilización, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira utilización.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza U-3, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta
-Usos: Comercial categoría 1

-Arquitecto/a director/a das obras: Miguel Alonso, Roberto Erviti, Mamen Escorihuela, Antón Varela García
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Ángel Manuel González Pinto
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Paula Garrido Barro
-Edificabilidade: 0,08 m^2/ m^2
-Altura máxima: B 4,00 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 11,11 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: >3,00 m
Pendente máxima de cuberta: 2º
Altura do cumio: 0,00 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 12 prazas
Aseos: 2 retretes+2 lavabos, separados por sexos
Superfici9e mínima zona público: 619,18 m^2
-Presuposto: 90.964,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.819,29 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.999,29 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
1.3. Escrito presentado por Juan Carlos Pombo Ferrás, en data 20 de setembro de 2019, con rexistro de entrada no Concello núm. 201900000006523, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Expediente núm: **2019/U007/000014**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 5 de xullo de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 7 de xullo de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JUAN CARLOS POMBO FERRÁS,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Aido, nº 27, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501006310000KU, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 24/17, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.10.2017.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.
1.4. Visto que na licenza urbanística núm. 2021/U022/000013, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de xullo de 2021, a **LUIS FUENTES GUILLÍN**, para obras de consolidación dunha vivenda, en Bouñou, 5, parroquia de Raris, R.C.: 002000700NH33G001LD, segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel del Río García, existe un erro en canto ao emprazamento da construción.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2021, de xeito que ***onde pon***: "consolidación dunha vivenda, en Bouñou, 5, parroquia de Raris", ***debe poñer***: "consolidación dunha vivenda, en Bouñou, 23, parroquia de Raris".

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

1.5. Visto o escrito presentado por Victoria Beatriz Piñeiro Vidal, de data 9 de xullo de 2021, con rexistro de entrada no concello número 202199900001891, en virtude do cal solicita corrección de erro, xuntando nova memoria de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, memoria urbanística e plano de emprazamento actualizados, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, e visado polo colexio correspondente en data 09.07.2021, por existir un erro, en canto a superficie da parcela e superficie de cesión, no plano do proxecto que serviu de base para a obtención da licenza urbanística núm. 20/2020 -2019/U022/000031, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de xullo de 2020, a **VICTORIA BEATRIZ PIÑEIRO VIDAL**, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Igrexa, nº 38, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508010530000SU, segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, figurando no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, asinado pola promotora.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xullo de 2020, de xeito que a superficie de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, pasa de 94,24 metros cadrados a 76,13 metros cadrados, segundo memoria de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, memoria urbanística e plano de emprazamento actualizados, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, e visado polo colexio correspondente en data 09.07.2021, presentado pola interesada, en data 9 de xullo de 2021 (rex. entrada número 202199900001891).

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.

2.1. **LICENZA 24/17.**

Escrito presentado por Juan Carlos Pombo Ferrás, en data 6 de xullo de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001863, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 24/17, xuntando escritura pública de data trece de setembro de 2017, do notario Marcelino Estévez Fernández, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de outubro de 2017, a Juan Carlos Pombo Ferrás, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Aido, 27, parroquia de

Luou, R.C.: 15083A501006310000KU, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 367,35 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data trece de setembro de 2017, do notario Marcelino Estévez Fernández, dunha superficie de 367,35 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 24/17.

Segundo.- Deberá procederse polo interesado a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de outubro de 2017 (Lic. 24/17).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.2. **LICENZA 2021/U022/000006.**

Escrito presentado por Raquel Pérez Sañudo, en data 14 de xullo de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000003457, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 2021/U022/000006, xuntando escritura pública de data trece de xullo de 2021, da notaria Inmaculada Espiñeira Soto, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de xuño de 2021, a Gustavo Seoane Ferreiro e Raquel Pérez Sañudo, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Guldrís, 38, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015060000SO, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 138,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data trece de xullo de 2021, da notaria Inmaculada Espiñeira Soto, dunha superficie de 138,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 2021/U022/000006.

Segundo.- Deberá procederse polos interesados a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de xuño de 2021 (Lic. 2021/U022/000006).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000882 do 24/03/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de xullo de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 24 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000882), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 24 metros, en Fixó, 30, Calo (S.G.D.: 618521020185).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003283 de 01/07/2021).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-15/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 24 metros, en Fixó, 30, Calo (S.G.D.: 618521020185), de acordo co solicitado con data de 24 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000882).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-15/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 24 metros, en Fixó, 30, Calo (S.G.D.: 618521020185), de acordo co solicitado con data de 24 de marzo de 2021 (rex. entrada nº 202199900000882).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001547 do 07/06/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de xullo de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 7 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001547), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 191 metros, en Tarrio, 26, Recesende (S.G.D.: 618521030085).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (8.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003430 de 12/07/2021).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-28/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 191 metros, en Tarrio, 26, Recesende (S.G.D.: 618521030085), de acordo co solicitado con data de 7 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001547).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-28/2021) para un paso aéreo subterráneo con unha canalización de 191 metros, en Tarrio, 26, Recesende (S.G.D.: 618521030085), de acordo co solicitado con data de 7 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001547).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001076 do 12/04/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de xullo de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 12 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001076), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para un entronque na rede subterránea existente con unha canalización de 2 metros, en Nespereira, 35, Luou (S.G.D.: 618521010224).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003477 de 15/07/2021).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-19/2021) para un entronque na rede subterránea existente con unha canalización de 2 metros, en Nespereira, 35, Luou (S.G.D.: 618521010224), de acordo co solicitado con data de 12 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001076).*

***Segundo**.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-19/2021) para un entronque na rede subterránea existente con unha canalización de 2 metros, en Nespereira, 35, Luou (S.G.D.: 618521010224), de acordo co solicitado con data de 12 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001076).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001422 do 24/05/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de xullo de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 24 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202199900001422), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para modificado da autorización concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de marzo de 2020, expte. O.D.-3/2020, modificando a situación do centro de transformación proxectado, así como a lonxitude da rede de baixa tensión subterránea, pasando a 510 mts. e tres saídas dunha lonxitude de 637 mts., en Calo (S.G.D.: 531308030003).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003476 de 15/07/2021).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.-** Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para modificado da autorización concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de marzo de 2020, expte. O.D.-3/2020, modificando a situación do centro de transformación proxectado, así como a lonxitude da rede de baixa tensión subterránea, pasando a 510 mts. e tres saídas dunha lonxitude de 637 mts., en Calo (S.G.D.: 531308030003), de acordo co solicitado con data de 24 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202199900001422).*

***Segundo.-** Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para modificado da autorización concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de marzo de 2020, expte. O.D.-3/2020, modificando a situación do centro de transformación proxectado, así como a lonxitude da rede de baixa tensión subterránea, pasando a 510 mts. e tres saídas dunha lonxitude de 637 mts., en Calo (S.G.D.:

531308030003), de acordo co solicitado con data de 24 de maio de 2021 (rex. entrada nº 202199900001422).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D.ª MERCEDES PAZOS MONTES.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14 de xullo de 2021 que se recolle a continuación:

" **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data 15/06/2021 por Dª. Mercedes Pazos Montes, de devolución da garantía para obras de canalización de treito de cuneta fronte a parcela en Insua 49 Luou.

Visto o informe do técnico municipal, de data 29/06/2021, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 14/07/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª.Mercedes Pazos Montes para obra referida anteriormente , por importe de **300,00€,** devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª.Mercedes Pazos Montes para obra referida anteriormente , por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR REALIZADAS DURANTE O ANO 2021.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 6 de xullo de 2021 que se recolle a continuación:

CONCELLO DE TEO

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para actividades de benestar para 2021.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 05/07/2021.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para actividades de benestar para 2021, que se reflicten de seguido:

(…)

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para actividades de benestar para 2021, que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR REALIZADAS DURANTE O ANO 2021

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades do ámbito de organizadas ou promovidas por asociacións do concello de Teo durante ano 2021, con cargo á partida **230/480.00** do Orzamento de 2021, por un importe total de **7.500 euros**.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da inclusión social de persoas e colectivos, así como o fomento de actividades que melloren o benestar social e comunitario de todos os veciños e veciñas do concello de Teo.

2ª.-BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarias ás asociacións con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten o benestar comunitario e social, con especial atención ás que se dirixan a colectivos con dificultades de inclusión social. So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten o benestar social, con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo.

2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

• Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.

• Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

• Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

• Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria(estatal , autonomica e local), e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.

COPIA COTEXADA DA LICENZA FEDERATIVA EN VIGOR	
COPIA COTEXADA DO DNI EN VIGOR	
CURRICULUM DEPORTIVO	
CERTIFICACIÓN FEDERATIVA ONDE FIGURE A MÁXIMA COMPETICIÓN OFICIAL NA QUE PARTICIPOU E O RESULTADO OBTIDO NO ANO 2020	
CERTIFICACIÓN FEDERATIVA ONDE FIGURE A MÁXIMA COMPETICIÓN OFICIAL NA QUE PARTICIPOU NO ANO 2019	
MEMORIA DESCRITIVA DA ACTIVIDADE QUE SE VAI A DESENVOLVER DURANTE O ANO 2021	
ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS E INGRESOS PREVISTO PARA O ANO 2021	
CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA	
CERTIFICACIÓN OU DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL	
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CAUSAS DE PROHIBICIÓN DE PERCEPCIÓN DE SUBVENCIÓNS OU AXUDAS PÚBLICAS	
DECLARACIÓN DE DATOS E COMPROMISOS	

Teo, de de 2021

Sinatura: no caso dos/as menores de idade, sinatura do/a titor/a legal

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

2f) MEMORIA DESCRITIVA ANO 2021 (DEPORTISTAS)

DEPORTISTA:				
PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2021				
DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN:				
ÁMBITO:	**Internacional**	**Estatal**	**Autonómico**	**Outros**
ORGANIZADA POR:				
POSTO CONSEGUIDO:				
OBSERVACIÓNS:				
PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2021				
DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN:				
ÁMBITO:	**Internacional**	**Estatal**	**Autonómico**	**Outros**
ORGANIZADA POR:				
POSTO CONSEGUIDO:				
OBSERVACIÓNS:				

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

2g) ORZAMENTO DETALLADO PREVISTO PARA A TEMPADA 2020/2021 OU ANO 2021 (DEPORTISTAS)

DESCRICIÓN GASTOS	CANTIDADE
TOTAL GASTOS:	
DESCRICIÓN INGRESOS ***no caso de non ter ingresos debe figurar no total 0 euros**	**CANTIDADE**
TOTAL INGRESOS:	

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

2i) e 2k) DECLARACIÓNS RESPONSABLES (DEPORTISTAS)

(No caso de menores cubrir polo/a titor/a legal)

D./Dna , con DNI
titor/a legal do/a menor:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- que estou ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
- que non estou incursa en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, de de 2021

Sinatura: no caso dos/as menores de idade, sinatura do/a titor/a legal

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

2l) DECLARACIÓN DE DATOS E COMPROMISOS (DEPORTISTAS)

DATOS DEPORTIVOS
DEPORTISTA:
MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA:
CLUB: **CLUB DE TEO:** **DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (Recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte , no momento da publicación das bases desta convocatoria**
COMPETICIÓNS E RESULTADOS OFICIAIS NO ANO 2020: (Certificado pola Federación correspondente) **1.- Competición: Resultado: 1º/2º 3º/4 5º/8º Outros** **2.- Competición: Resultado: 1º/2º 3º/4 5º/8º Outros** **3.- Competición: Resultado: 1º/2º 3º/4 5º/8º Outros**
COMPETICIÓNS OFICIAIS NO ANO 2019: (Certificado pola Federación correspondente) **1.- Competición:** **2.- Competición:** **3.- Competición:**

Declaro que:
- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
- A/o solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, de de 2021

Sinatura: da/o solicitante ou no caso de menores de idade, sinatura da/o representante.

<u>Segundo</u>- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2021.
Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 13 de xullo de 2021 que se recolle a continuación:

<u>"PROPOSTA DE ALCALDÍA</u>

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Considerando a necesidade de facilitar o acceso da xuventude do noso concello á educación, e de promover todo tipo de actividades que axuden ao seu estímulo.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2021, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 12/07/2021.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

<u>Primeiro.-</u>Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2021, que presenta a Sra. Concelleira de Educación e que se reflicten de seguido:

(…)

<u>Segundo</u>- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

<u>Primeiro.-</u>Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2021, que presenta a Sra. Concelleira de Educación e que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2021

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por centros educativos públicos de ensino non universitario e as súas respectivas asociacións de nais e pais, pola realización de actividades de carácter educativo no ano 2021, con cargo á partida 320/48000 do orzamento de 2021, por un importe total de 13.000 euros, dos cales corresponden 6.000 euros para os centros educativos e os restantes 7.000 euros para as ANPAS.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da formación educativa do alumnado dos centros educativos públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do noso concello.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

Os centros públicos de ensino non universitario e asociacións de pais e nais, sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Censo de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2021.

b) Gastos ocasionados pola organización de actividades durante o ano 2021 dentro do territorio municipal ou fora do concello no caso de saídas de carácter didáctico.

c) Gastos ocasionados pola compra de material necesario para adaptarse ás medidas de seguridade e hixiene derivadas pola situación creada pola COVID-19.

4ª.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse PREFERIBLEMENTE POLA SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Teo (https://sede.teo.gal) ou no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, **entre o 1 e o 30 de setembro de 2021 (ambos incluidos)**

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello e na web.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado **(Anexo I),** e irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e o número de alumnado participante**. (Anexo II)**

b) Copia cotexada do CIF. Só necesaria en caso de non estar depositada no Concello.

c) Carteis, notas de prensa ou calquera outro documento publicitario das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención, se os houbera.

d) Memoria económica do ano 2021, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.

e) Memoria descritiva das actividades que se desenvolveron en 2021, detallando en cada unha:

- gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo.
- obxectivos que se pretendían acadar coa realización da actividade.
- obxectivos finalmente conseguidos.

f) No caso do material comprado necesario para adaptarse ás medidas de seguridade hixiénica derivadas da situación creada pola COVID-19, factura oficial correspondente ao gasto.

g) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

h) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos no dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. **Por actividades de carácter permanente** (ao longo do curso). Máximo 10 puntos. 1 punto por cada actividade. 2 puntos por cada actividade se está organizada por unha ANPA e ten carácter gratuíto.

2. **Por actividades de carácter non permanente** (actividades periódicas ou puntuais). Máximo 5 puntos. 0.25 puntos por cada actividade.

3. **Polo alumnado participante nas actividades de carácter permanente**. Máximo 10 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 10 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por todas as actividades.

Ata 15 alumnos/as: 1 punto

De 16 a 25 alumnos/as: 2 puntos

De 26 a 50 alumnos/as: 3 puntos

De 51 a 75 alumnos/as: 4 puntos

De 76 a 100 alumnos/as: 5 puntos

De 101 a 125 alumnos/as: 6 puntos

De 126 a 150 alumnos/as: 7 puntos

De 151 a 175 alumnos/as: 8 puntos

De 176 a 200 alumnos/as: 9 puntos

Máis de 201 alumnos/as: 10 puntos

As actividades realizadas polo CRA de Teo, terán unha baremación axeitada e proporcional ao número de alumnos destes centros, xa que teñen 1/3 do alumnado dos outros centros, e co fin de evitar un agravio comparativo, terán a seguinte puntuación:

Ata 15 alumnos : 3 puntos.

De 16 a 25 alumnos : 6 puntos.

De 26 a 50 alumnos : 9 puntos.

Máis de 50 alumnos : 10 puntos.

4. **Pola participación nas actividades de carácter non permanente**. Máximo 5 puntos.

Baremarase cada actividade ata un máximo de 5 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por tódalas actividades.

Participación de ata o 25% do alumnado: 1 punto

Participación de ata o 50% do alumnado: 2 puntos

Participación de ata o 75% do alumnado: 3 puntos

Participación do total do alumnado: 4 puntos

Participación de parte do alumnado e as súas familias: 4 puntos

Participación de todo o alumnado e as súas familias: 5 puntos

5. **Pola calidade do proxecto**. Máximo 5 puntos

   a. Pola repercusión das actividades na comunidade: implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: ata 1 punto

   b. Pola orixinalidade do proxecto no sentido de que supoña unha actividade innovadora: ata 1 punto

   c. Por actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación…): ata 1 punto

   d. Por actividades de promoción da cultura galega: ata 1 punto

   e. Por actividades de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello ou do seu contorno: ata 1 punto

   f. Por actividades que impliquen o uso das novas tecnoloxías: ata 1 punto

   g. Por actividades de integración do alumnado con discapacidades: ata 1 punto

   h. Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido: ata 1 punto

   i. Por actividades de animación cultural e animación no tempo libre: ata 1 punto

6. **Polos gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias**. Máximo 5 puntos.

Por gastos de conservación da instalación: 2 puntos

Por gastos de luz: 1 punto

Por gastos de auga: 1 punto

Por gastos de calefacción: 1 punto

7. Polos gastos derivados da compra de material para adaptarse ás medidas hixienico-sanitarias do COVID-19.

Máximo 2 puntos.

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do Concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Educación nos prazos indicados no punto 4º das presentes bases.

Os funcionarios designados polo Concello de Teo serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha comisión de valoración constituída pola concelleira delegada de Educación, que a presidirá, o concelleiro delegado de Benestar Social, Persoal e Deportes, a interventora municipal e a auxiliar de intervención, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

Tal e como especifica a *Ordenanza para o impulso social da lingua galega no municipio de Teo, p*ara que o Concello de Teo colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) **Facturas relacionadas coa actividade subvencionada (de 2021) e por un importe superior á cantidade concedida.** Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de "pagada", asinada e indicando o nome e o DNI, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

Só se admitirán recibos ou tíckets nos casos regulados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1619/2012, de 30 de novembro.

b) **Indicación expresa de que se realizou o fin** para o que a subvención foi concedida.

c) **Declaración doutras axudas e/ou subvencións recibidas,** con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) **Memoria cuantificada das actividades realizadas**, que deberán corresponder ao ano 2021, indicando os gastos e ingresos de cada actividade.

e) **Declaración responsable do solicitante de estar ao día no pagamento** das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2021. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2021. **No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, entenderase que a entidade renuncia ao seu dereito a cobrar a subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias,

— Os xuros, recargas e sancións administrativas,

— Os gastos de procedementos xudiciais,

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e), e despois

da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O órgano instrutor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

- Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases.

Teo, 12 de xullo de 2021

A concelleira de Educación

Mayte Argibay Silva

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE TEO

ANO 2021

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE (Nome completo e siglas):.....

ENDEREZO SOCIAL:.....

LOCALIDADE:.....

CIF:.....

TELÉFONOS DA ENTIDADE:.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO:.....

REPRESENTANTE DA ENTIDADE (nome e apelidos): .....

DNI:.....

CARGO QUE OCUPA:.....

TELÉFONO DE CONTACTO:.....

CENTROS EDUCATIVOS: NÚMERO DE ALUMNOS/AS:.....

ANPAS: NÚMERO DE FAMILIAS ASOCIADAS: .....

FINS SOCIAIS DA
ENTIDADE: .....

IMPORTE ORZAMENTO ANO 2021:.....

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos):

Teo, a .....de 2021

O/ A representante da entidade

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

ANEXO 2

ACTIVIDADES DE CARÁCTER PERMANENTE	Nº. DE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES. ANPAS: ESPECIFICAR SE SON DECARÁCTER GRATUÍTO
ACTIVIDADES DE CARÁCTER NON PERMANENTE	Nº. DE PARTICIPANTES ALUMNADO. PARTICIPACIÓN FAMILIAS (SI/NON)

GASTOS DERIVADOS DO COIDADO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Declaro que:

- Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvencións.
- Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, ...de .....de 2021

O/A representante da entidade

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. POS ADICIONAL 2/2020. O-4/2021.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14 de xullo de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. POS ADICIONAL 2/2020. O-4/2021

Vista a circular de 12/08/2020 remitida pola Deputación provincial da Coruña sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 2/2020, no que inclúe, entre outras, a obra denominada REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA, con código de obra 2020.2102.0378.0, cun orzamento con IVE que ascende a dous centos cincuenta e seis mil dous centos cuarenta e tres euros con dous céntimos (256.243,02 €), financiado na cantidade de douscentos trinta e nove mil catrocentos cincuenta e catro euros con cuarenta e oito céntimos de euro (239.454,48 €), con cargo ao referido Plan.

Visto o proxecto de REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA redactado polo arquitecto municipal Ignacio Soto González, cuxo importe ascende a dous centos cincuenta e seis mil dous centos cuarenta e tres euros con dous céntimos (256.243,02 €.

Considerando que no Pleno en sesión ordinaria de 16 de decembro de 2019 acordouse aprobar o citado proxecto, e que a requirimento da Deputación Provincial tivo que ser modificado e foi aprobado por Decreto 341/2020 de 20 de abril de 2020.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía, considera necesario que se tramite un contrato para a execución da obra de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 13 de outubro de 2020.

En virtude do exposto e aos efectos previstos nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, proponse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 622/2020 de 3 de xullo) a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no proxecto REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 13 de outubro de 2020, e no que se indica que *"O presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para:*

-a ampliación da edificación existente para aumentar cursos e dar cabida a outras actividades.

- crear un espacio de ocio para a infancia (Parque Infantil),

- acondicionar o acceso á parcela e dotar dun espacio de aparcamento á área infantil e á casa común.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, sobre mantemento de infraestruturas municipais, promoción do emprego e parques e xardíns.."

Segundo.- Iniciar o procedemento de contratación do contrato de REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. POS+ADICIONAL 2/2020, cuxo orzamento ascende dous centos cincuenta e seis mil dous centos cuarenta e tres euros con dous céntimos (256.243,02 €), polo procedemento aberto simplificado do artigo 159 da LCSP, asignándolle o núm. de expediente O-4/2021.

Terceiro.- Visto que no expediente xa consta:
- Acta de reformulo do proxecto, de data 31 de maio de 2021.
- Certificado de existencia de crédito, de data 10 de xuño de 2021.

Solicítese, para a súa Incorporación ao expediente, de conformidade cos artigo 116, 236 e ca Disposición adicional terceira da LCSP a seguinte documentación:
- Informe técnico sobre a presente contratación.
- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Dar cota ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no proxecto REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 13 de outubro de 2020, e no que se indica que *"O presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para:*
-a ampliación da edificación existente para aumentar cursos e dar cabida a outras actividades.
- crear un espacio de ocio para a infancia (Parque Infantil),
- acondicionar o acceso á parcela e dotar dun espacio de aparcamento á área infantil e á casa común.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, sobre mantemento de infraestruturas municipais, promoción do emprego e parques e xardíns..”

Segundo.- Iniciar o procedemento de contratación do contrato de REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. POS+ADICIONAL 2/2020, cuxo orzamento ascende dous centos cincuenta e seis mil dous centos cuarenta e tres euros con dous céntimos (256.243,02 €), polo procedemento aberto simplificado do artigo 159 da LCSP, asignándolle o núm. de expediente O-4/2021.

Terceiro.- Visto que no expediente xa consta:
- Acta de reformulo do proxecto, de data 31 de maio de 2021.
- Certificado de existencia de crédito, de data 10 de xuño de 2021.
Solicítese, para a súa Incorporación ao expediente, de conformidade cos artigo 116, 236 e ca Disposición adicional terceira da LCSP a seguinte documentación:
- Informe técnico sobre a presente contratación.
- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Dar cota ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

9.- PROPOSTA ADXUDICACIÓN AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14 de xullo de 2021 que se recolle a continuación:

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA ADXUDICACIÓN AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 07 de decembro de 2020 polo que, en relación ao expediente de contratación AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019) motívase a súa necesidade e acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar o informe técnico de contratación, certificado de existencia de crédito, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os informes de Secretaría e Intervención, e onde se fai constar o financiamento ao abeiro do POS+ ADICIONAL 1/2019.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 03 de maio de 2021, polo que se acorda aprobar o expediente de contratación (Núm. O-17/2020), aprobar o prego, aprobar o gasto e proceder á apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación correspondente.

Considerando que, tal e como consta no expediente, publicado o anuncio na Plataforma de contratos do sector público en data 04 de maio de 2021, presentáronse á licitación as seguintes empresas, e que mesa de contratación, na sesión celebrada o 04 de xuño de 2021, procede ó “acto de apertura *o*ferta criterios cuantificables automáticamente” e acorda admitir todos os licitadores presentados:
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.
BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.
CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.
COSMALCA, S.L.
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICCIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
MANTIDO SL

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L**.**

OBRAS GALLAECIA SL

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

SERGONSA SERVICIOS, S.L.

SYR-AMG, S.L.

ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Considerando que na sesión celebrada o 04 de xuño de 2021, vistas as ofertas presentadas polos licitadores, a mesa de contratación acorda efectuar a avaliación e clasificación dos licitadores admitidos e non excluídos que abaixo se transcribe:

	LICITADOR	**IMPORTE OFERTADO SEN IVE**	**PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA**
1	EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICCIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.	248.908,45	125
2	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	307.271,90	88,63
3	MANTIDO SL	312.217,39	82,48
4	OBRAS GALLAECIA SL	315.806,00	76,71
5	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	315.951,00	76,48
6	ZONA DE OBRA O ROSAL SL	318.181,01	72,92
7	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	325.000,00	61,95
8	SYR-AMG, S.L.	325.453,64	61,25
9	CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	326.435,53	59,68
10	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	328.035,53	57,11
11	EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	329.999,16	53,96
12	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	333.939,00	47,66

	LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA
13	BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	334.433,85	46,84
14	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	340.180,95	37,63
15	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	341.817,31	35,00
16	COSMALCA, S.L.	345.453,66	29,17
17	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	352.726,37	17,50
18	CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.	357.380,91	10,03

Na mesma mesa, en data 04 de xuño de 20201 acórdase requirir as seguintes empresas para que xustifiquen a baixa da súa oferta de acordo co indicado no PCAP:

- EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
- EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICCIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
- MANTIDO SL
- OBRAS GALLAECIA SL
- SERGONSA SERVICIOS, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL SL.

O 21 de xuño de 2021 reúnese de novo a mesa de contratación para celebrar o acto "justificación de oferta anormalmente baja", no que se da conta do informe dos servizos técnicos municipais de 21/06/2021, conclúe que:

"Á vista da documentación presentada polas empresas

• *OBRAS GALLAECIA, S.L.*

• *EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.*

• *SERGONSA SERVICIOS, S.L.*

e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras incluídas no proxecto de "AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I" ***este técnico entende que a empresa*** *EXCAVACIONES MIDÓN S.L.* ***xustifica adecuadamente a oferta de carácter desproporcionado ou anormal.***
O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.."

A mesa na mesma sesión, considera que procede a exclusión dos licitadores que non presentaron documentación xustificativa da súa oferta:
ZONA DE OBRA O ROSAL SL.
EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICCIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
MANTIDO SL
A mesa considera en consecuencia, sobre a base do informe técnico, que procede entender NON xustificados os valores desproporcionados ou anormais incluídos nas oferta dos licitadores OBRAS GALLAECIA SL e SERGONSA SERVICIOS, S.L. polo que se entende que procede a súa exclusión.
Entende a mesa, sobre a base do informe técnico, que procede entender xustificados os valores desproporcionados ou anormais incluídos na oferta do licitador EXCAVACIONES MIDÓN, S.L., polo que se entende que procede a súa admisión.

Na sesión do 22 de xuño de 2021 celébrase o acto "propuesta de adjudicación" e a mesa de contratación acorda manter a avaliación e clasificación realizada nas sesións de datas 04 e 21 de de xuño de 2021, excluíndo aos licitadores que non xustificaron correctamente as súas ofertas cualificadas como desproporcionadas ou anormais e outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas e non excluídas no procedemento ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

	LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA
1	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	307.271,90	88,63
2	MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.	325.000,00	61,95
3	SYR-AMG, S.L.	325.453,64	61,25
4	CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	326.435,53	59,68
5	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	328.035,53	57,11
6	EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	329.999,16	53,96
7	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	333.939,00	47,66
8	BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	334.433,85	46,84
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	340.180,95	37,63
10	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	341.817,31	35,00
11	COSMALCA, S.L.	345.453,66	29,17
12	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	352.726,37	17,50
13	CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.	357.380,91	10,03

Na mesma sesión a mesa formula proposta de adxudicación da obra AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020, á empresa EXCAVACIONES MIDÓN, S.L., con CIF.- B15494388 e enderezo en rúa Feros nº 86, Teo, A Coruña, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

Oferta económica: 307.271,90 € + 64.527,10 € = 371.799,00 €

Requirida a empresa en data 23 de xuño de 2021 para que presente a documentación indicada na cláusula 159.4 f)4º do PCAP.

Vista a documentación aportada pola empresa EXCAVACIONES MIDÓN, S.L., con CIF.- B15494388, en data 01 de xullo de 2021, entre a cal consta o documento de constitución da garantía definitiva e complementaria, por importe de 30.727,19 €, mediante aval inscrito en data 28 de xuño de 2021 no Rexistro Especial de Avais co número 0182001013153 (BBVA).

Visto o informe de fiscalización de intervención de data 05 de xullo de 2021.

En virtude do exposto e aos efectos previstos nos artigos 28, 116 e 159 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, proponse á Xunta de Goberno Local en calidade de órgano de contratación, coa competencia delegada pola Alcaldía (res. 622/2020, do 3 de xullo) a adopción do seguinte
ACORDO:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e admitir á licitación ás seguintes empresas:
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.
BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.
CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.
COSMALCA, S.L.
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICCIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
MANTIDO SL
MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
OBRAS GALLAECIA SL
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
SERGONSA SERVICIOS, S.L.

SYR-AMG, S.L.
ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Segundo.- Rexeitar a oferta, e polo tanto excluír da licitación aos seguintes licitadores cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non xustificar a baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación, e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais, xa que se entende que a xustificación presentada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador por ser incompleta desde o punto de vista técnico, de acordo co indicado no informe técnico de data 21 de xuño de 2021:

• OBRAS GALLAECIA, S.L.
• SERGONSA SERVICIOS, S.L.

Terceiro.- Rexeitar a oferta e polo tanto excluír da licitación aos seguintes licitadores cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non presentar xustificación da baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais:

• EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
• MANTIDO SL
• ZONA DE OBRA O ROSAL SL.

Cuarto.- Admitir, por entender que xustifica a súa oferta incursa en baixa anormal ou temeraria de acordo co indicado no informe técnico de data 21 de xuño de 2021, á seguinte empresa:

EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.

Quinto.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020, á empresa EXCAVACIONES MIDÓN, S.L., con CIF.- B15494388 e enderezo en rúa Feros nº 86, Teo, A

Coruña, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento, con estrita suxeición ao Prego de cláusulas administrativas e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa con arranxo aos criterios de adxudicación do PCAP, e cuxa oferta é a seguinte:

A) Prezo sen IVE 307.271,90 €
B) IVE 21% 64.527,10 €
C) TOTAL (A+B) 371.799,00 €

Sexto.- Dispoñer o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 151/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

Sétimo.- Fixar o prazo de execución do contrato en cinco (5) meses, contados a partir da data de sinatura da acta de reformulo.

Oitavo.- Nomear director técnico das obras ao arquitecto municipal D. Ignacio Soto González que exercerá as funcións de responsable do contrato e nomear coordinador de seguridade e saúde ó arquitecto técnico D. Pablo Xosé Pouso Iglesias.

Noveno.- Notificar o acordo de adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolles os recursos procedentes, dando traslado do mesmo ao servizo de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Décimo.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización do contrato en documento administrativo, dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e publicar anuncio de formalización no perfil do contratante no prazo de 15 días desde a perfección do contrato.

Undécimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Declarar válida a licitación e admitir á licitación ás seguintes empresas:

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.

CONSTRUCCIONES RAFER S.L.

CONSTRUCTORA CONSVIAL, S.L.

COSMALCA, S.L.

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L

EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.

EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICCIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.

GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.

MANTIDO SL

MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L.

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

OBRAS GALLAECIA SL

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

SERGONSA SERVICIOS, S.L.

SYR-AMG, S.L.

ZONA DE OBRA O ROSAL SL

<u>Segundo</u>.- Rexeitar a oferta, e polo tanto excluír da licitación aos seguintes licitadores cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non xustificar a baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación, e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais, xa que se entende que a xustificación presentada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador por ser incompleta desde o punto de vista técnico, de acordo co indicado no informe técnico de data 21 de xuño de 2021:

• OBRAS GALLAECIA, S.L.
• SERGONSA SERVICIOS, S.L.

Terceiro.- Rexeitar a oferta e polo tanto excluír da licitación aos seguintes licitadores cuia oferta estaba incursa en baixa anormal ou temeraria, por non presentar xustificación da baixa desproporcionada ou anormal conforme ca lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas e particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais:

• EXCAVACIONES, TRANSPORTES, OBRAS Y SERVICIOS MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
• MANTIDO SL
• ZONA DE OBRA O ROSAL SL.

Cuarto.- Admitir, por entender que xustifica a súa oferta incursa en baixa anormal ou temeraria de acordo co indicado no informe técnico de data 21 de xuño de 2021, á seguinte empresa:

EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.

Quinto.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada AREA RECREATIVA A HORTA DO CURA. FASE I. TEO (POS+ADICIONAL 1/2019). O-17/2020, á empresa EXCAVACIONES MIDÓN, S.L., con CIF.- B15494388 e enderezo en rúa Feros nº 86, Teo, A Coruña, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento, con estrita suxeición ao Prego de cláusulas administrativas e á súa oferta, por ser a máis vantaxosa con arranxo aos criterios de adxudicación do PCAP, e cuxa oferta é a seguinte:

D) Prezo sen IVE 307.271,90 €
E) IVE 21% 64.527,10 €
F) TOTAL (A+B) 371.799,00 €

Sexto.- Dispoñer o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 151/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

Sétimo.- Fixar o prazo de execución do contrato en cinco (5) meses, contados a partir da data de sinatura da acta de reformulo.

Oitavo.- Nomear director técnico das obras ao arquitecto municipal D. Ignacio Soto González que exercerá as funcións de responsable do contrato e nomear coordinador de seguridade e saúde ó arquitecto técnico D. Pablo Xosé Pouso Iglesias.

Noveno.- Notificar o acordo de adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolles os recursos procedentes, dando traslado do mesmo ao servizo de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Décimo.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización do contrato en documento administrativo, dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e publicar anuncio de formalización no perfil do contratante no prazo de 15 días desde a perfección do contrato.

Undécimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

10.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.07.28 11:52:23 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria acctal.,

MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Firmado digitalmente por MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ - 33294676Z
Fecha: 2021.07.28 09:30:01 +02'00'

Mª Elena Sueiro Fernández

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 15/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE AGOSTO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 2 de agosto de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa accidental, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidenta acctal.:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva

Non asiste, previa escusa:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D. Roberto Moñino Gil

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO 05.07.2021 E ORDINARIA DO 19.07.2021.**

2.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

3.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa acctal. declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO 05.07.2021 E ORDINARIA DO 19.07.2021.

Acta da sesión ordinaria do día 5 de xullo de 2021

A sra. alcaldesa acctal. pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 5 de xullo de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 19 de xullo de 2021

A sra. alcaldesa acctal. pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de xullo de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e sete minutos, de orde da Presidencia acctal., levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A alcaldesa acctal.,

UXIA LEMUS DE LA IGLESIA - 34899771P
Firmado digitalmente por UXIA LEMUS DE LA IGLESIA - 34899771P
Fecha: 2021.08.03 12:19:36 +02'00'

Uxía Lemus de la Iglesia

A secretaria xeral,

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.08.03 09:42:39 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 16/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 16 DE AGOSTO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cincuenta minutos do día 16 de agosto de 2021, reuníronse en segunda convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

Non asisten, previa escusa:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 05.07.21, ORDINARIA DO 19.07.21 E ORDINARIA DO 02.08.21**

2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A DNA. SONIA CALO ALBORÉS E D. ALBERTO ABALDE COVELO

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 05.07.21, ORDINARIA DO 19.07.21 E ORDINARIA DO 02.08.21.

Faise contar que, por un erro material, se incluíron na orde do día, para a súa aprobación, as actas das sesións do 5 e 19 de xullo de 2021, que xa foran aprobadas na sesión do 2 de agosto de 2021, polo que só procede, no seu caso, aprobar a acta do 2 de agosto de 2021.

Acta da sesión ordinaria de 02 de agosto de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 02 de agosto de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A JUAN ANTONIO JEREMIAS SUÁREZ, licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Mouromorto, 43, parroquia de Calo, R.C.: 001904100NH34A0001BX, segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro.
Expediente núm: **2021/U022/000009**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 11.05.2021 e 28.06.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Diego Lareo Castro
-Arquitecto/a técnico/a director/a: José María Brañas Rodríguez
-Coordinador/a de seguridade e saúde: José María Brañas Rodríguez
-Edificabilidade: 0,80 m^2/ m^2
-Altura máxima: B+1+BC 6,08 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 42,07 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: adosada
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: <4,00 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 81.579,76 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.631,60 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 429,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.180,60 euros.

2.2. **A JOSÉ CARLOS LÓPEZ GONZÁLEZ**, licenza para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Procelas, 40-42, Cacheiras, R.C.: 15083B503002290000SU, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.
Expediente núm: **2020/U018/000023**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 11 de decembro de 2020 (rex. entrada núm. 202000000006134), "Proposta segregación", redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m^2	655,80 m^2	646,98 m^2	645,94 m^2	261,28 m^2
Fronte mínimo	14 m	47,92 m	51,96 m	22,80 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 261,28 metros cadrados, asinado por José Carlos López González e Jesús López González.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE

2.3.- Vista a documentación presentada por **JUAN ANTONIO JEREMIAS SUÁREZ,** de data 11 de maio de 2021 (rex. de entrada núm. 202199900001320) relativa á solicitude expresa do trámite de excepcionalidade, en canto ao punto I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas, regulado no anexo II do Decreto 29/2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en consonancia coa solicitude presentada en data 25 de febreiro de 2021, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Mouromorto, 43, parroquia de Calo, R.C.: 001904100NH34A0001BX, acompañando aos efectos memoria redactada polo autor do proxecto, Juan Diego Lareo Castro.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal en data 1 de xullo de 2021, en relación coa aplicación do artigo 9.2 das NHV.- Condicións xerais aplicables ás actuacións de rehabilitación e ampliación de edificios e vivendas existentes, para exceptuar a altura mínima entre pavimento e teito acabado de 2.50m na vivenda, cuia conclusión se transcribe a continuación:
"Con todo o anterior e coa memoria redactada polo arquitecto don Diego Lareo Castro infórmase de xeito favorable a solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade aquí afectadas e, todo elo de acordo co legalmente establecido ó respecto polo Decreto 29/2010 de Habitabilidade e, unha vez resolto o trámite de excepcionalidade por parte do Concello.

En virtude ó establecido polo artigo 17 Apartado 2 do Decreto 29/2010 de Habitabilidade e, unha vez resolto por parte do Concello a autorización de excepcionalidade, darase traslado do presente acordo no prazo máximo de seis meses á Dirección Xeral do IGVS."

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, de acordo co previsto no artigo 16 e no anexo II do citado Decreto, solicitada por **JUAN ANTONIO JEREMIAS SUÁREZ**, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Mouromorto, 43, parroquia de Calo, R.C.: 001904100NH34A0001BX, en base ao informe emitido polo arquitecto municipal en data 1 de xullo de 2021.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto coa documentación á que se refire o artigo 17.2 do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, no prazo máximo de seis meses.

Terceiro.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

3.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900000443 do 18/02/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 6 de agosto de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 18 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000443), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 42 metros, en Travesía de Outeiro, 6, Balcaide, Calo (S.G.D.: 618520120006).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.800,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003753 de 03/08/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-10/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 42 metros, en Travesía de Outeiro, 6, Balcaide, Calo (S.G.D.: 618520120006), de acordo co solicitado con data de 18 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000443).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-10/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 42 metros, en Travesía de Outeiro, 6, Balcaide, Calo (S.G.D.: 618520120006), de acordo co solicitado con data de 18 de febreiro de 2021 (rex. entrada nº 202199900000443).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001099 do 14/04/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 6 de agosto de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 14 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001099), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 2 metros, en Texexe, 30, Calo (S.G.D.: 618521020156).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003584 de 22/07/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-20/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 2 metros, en Texexe, 30, Calo (S.G.D.:*

618521020156), de acordo co solicitado con data de 14 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001099).

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-20/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 2 metros, en Texexe, 30, Calo (S.G.D.: 618521020156), de acordo co solicitado con data de 14 de abril de 2021 (rex. entrada nº 202199900001099).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.3.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001724 do 22/06/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 6 de agosto de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 22 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001724), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha rede de baixa tensión con unha canalización de 21 metros, en A Torre, 61-B, Cacheiras (S.G.D.: 618520110181).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.000,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003752 de 03/08/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-29/2021) para rede de baixa tensión con unha canalización de 21 metros, en A Torre, 61-B, Cacheiras (S.G.D.: 618520110181), de acordo co solicitado con data de 22 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001724).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-29/2021) para rede de baixa tensión con unha canalización de 21 metros, en A Torre, 61-B, Cacheiras (S.G.D.: 618520110181), de acordo co solicitado con data de 22 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001724).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.4.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001728 do 22/06/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 6 de agosto de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 22 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001728), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 91 metros, en Cepeda, 44, Oza (S.G.D.: 618521030276).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (3.800,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003751 de 03/08/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-30/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 91 metros, en Cepeda, 44, Oza (S.G.D.: 618521030276), de acordo co solicitado con data de 22 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001728).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-30/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 91 metros, en Cepeda, 44, Oza (S.G.D.: 618521030276), de acordo co solicitado con data de 22 de xuño de 2021 (rex. entrada nº 202199900001728).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.5.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A JOSÉ AVELINO SEOANE BLANCO (rex. entrada nº 202100000003696 do 30/07/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 6 de agosto de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por José Avelino Seoane Blanco, de 30 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 202100000003696), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha canalización nun treito de 870 mts. para abastecemento de auga potable veciñal, dende a parcela nº 412 ata a parcela nº 428, en Pedrouso, Cacheiras.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 4.000 euros (mediante aval do Banco Sabadell en data 30/07/2021) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.-** Outorgar a José Avelino Seoane Blanco, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2021) para unha canalización nun treito de 870 mts. para abastecemento de auga potable veciñal, dende a parcela nº 412 ata a parcela nº 428, en Pedrouso, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 30 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 202100000003696).*

***Segundo.-** Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a José Avelino Seoane Blanco, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2021) para unha canalización nun treito de 870 mts. para abastecemento de auga

potable veciñal, dende a parcela nº 412 ata a parcela nº 428, en Pedrouso, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 30 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 202100000003696)..

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A DNA. SONIA CALO ALBORÉS E D. ALBERTO ABALDE COVELO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 10 de agosto de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA

Vista a instancia presentada en data 29/03/2021 por Dª. Sonia Calo Alborés e Alberto Abalde Covelo, de devolución da garantía para obras de urbanización complementarias a construcción de vivienda unifamiliar en Seoane 47 Recesende.

Visto o informe do técnico municipal, de data 27/07/2021, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 10/08/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por Dª.Sonia Calo Alborés e Alberto Abalde Covelo para obra referida anteriormente , por importe de **11.507,93€,** devolvéndoselle a citada fianza aos interesados.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por Dª. Sonia Calo Alborés e Alberto Abalde Covelo para obra referida anteriormente , por importe de 11.507,93€, devolvéndoselle a citada fianza aos interesados.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.08.24 12:11:49 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.08.24 12:10:06 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 17/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 6 DE SETEMBRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día 6 de setembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16.08.2021**

2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16.08.2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de16 de agosto de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A MIGUEL ÁNGEL ROMERO SÁEZ**, licenza para obras de construción dunha edificación auxiliar anexa á vivenda e rehabilitación enerxética, en Castres, 41, parroquia de Oza, R.C.: 15083B507000460001DZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Alexandre Farto Fernández.
Expediente núm: **2021/U022/000026**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico e de execución e as súas modificación, redactado polo arquitecto Alexandre Farto Fernández.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das

obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión
-Usos: Edificación auxiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Alexandre Farto Fernández
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alexandre Farto Fernández
-Edificabilidade: 0,13 m^2/ m^2
-Altura máxima: B, 3,10 m.
-.Posición da edificación:
Ocupación máxima: 3 %
Recuamento á aliñación: >3 m
Recuamento a lindeiros: >3 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: 0,60 m
-Presuposto: 21.150,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 423,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 603,00 euros.

2.2. **A ELENA LÓPEZ RODRÍGO**, licenza para obras de demolición dun almacén, en Rúa das Viñas, 19, Galanas, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508001110000SS, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Javier de Miguel Pérez.
Expediente núm: **2021/U023/000002**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Javier de Miguel Pérez, visado polo colexio correspondente o 13.08.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-Clasificación do solo: Solo urbano consolidado
-Director de obra: Javier de Miguel Pérez
- Coordinador/a de seguridade e saúde: Javier de Miguel Pérez
-Presuposto: 2.750,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 55,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 235,00 euros.

2.3. **A LOURDES CARMEN SUÁREZ PIEDRA**, licenza para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Bouñou, 40, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510001380000SW, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Manuel Hermida Vázquez.
Expediente núm: **2020/U018/000004**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 16 de abril de 2021 (rex. entrada núm. 202199900001112), "Proyecto de segregación", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Manuel Hermida Vázquez.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2/N2	N1	N2	N2	N2
Superficie mínima	300/600 m	433,00 m^2	611,00 m^2	611,00 m^2	54,00 m^2
Fronte mínimo	12/14 m	16,81 m	21,50 m	21,43 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 54,00 metros cadrados, asinado pola interesada.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.4. **A RAMIRO DOMÍNGUEZ NOUCHE**, licenza para segregación (catro parcelas) dunha finca situada en O Sisto, 4 , Cacheiras, R.C.: 15083B503010230001DB - 15083B503010230000SL, segundo proxecto redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.
Expediente núm: **2021/U018/000006**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 29 de xullo de 2021 (rex. entrada núm. 202199900002017), "Propuesta de segregación de parcela", redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Resto finca matriz	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	SUND-8	N2
Superficie mínima	600 m^2	869,00 m^2	876,00 m^2	894,00 m^2	5.142,00 m	147,00 m^2
Fronte mínimo	14 m	16,42 m	16,42 m	16,43 m		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 54,00 metros cadrados, asinado polo interesado.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

2.5. **A JOSÉ ANTONIO GIMÉNEZ CASTRO**, licenza para segregación (dúas parcelas) dunha finca situada en Texexe, 13, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508012100000SS, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Meleiro Cao.
Expediente núm: **2021/U018/000009**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 27 de maio de 2021 (rex. entrada núm. 202100000002298), "Proyecto de segregación", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Meleiro Cao.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N1	N2	N2
Superficie mínima	600 m^2	1.157,00 m	1.292,00 m	229,00 m^2
Fronte mínimo	14 m	25,53 m	73,17 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 229,00 metros cadrados, asinado por José Antonio Giménez Jorge, Susana e José Antonio Giménez Castro.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.6. **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DUNHA PARCELA: SARA RIAL CORTIZO**
Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Sara Rial Cortizo, en data 14 de xullo de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001909, no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal para a segregación dunha parcela en Feros, 28, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515012580000KT.
Expediente núm: **2021/U018/000014**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 23 de agosto de 2021, incorporado ao expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Declarar a innecesariedade de licenza municipal para a segregación dunha parcela en Feros, 28, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515012580000KT, solicitada por **SARA RIAL CORTIZO** (**expte I-1/2021**), en base ao informe do arquitecto municipal do 23 de agosto de 2021, incorporado ao expediente.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
2.7.- Escrito presentado por Jorge Fernández Cutrín, en data 14 de abril de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000001536, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Expediente núm: **2021/U007/000008**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 27 de agosto de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 1 de setembro de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JORGE FERNÁNDEZ CUTRÍN,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Campos, 49, parroquia de Teo, R.C.: 15083A50602004000KZ, segundo

obras executadas en base á licenza municipal núm. 31/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18.04.2016.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 32/2019 -2019/U022/000026.
Escrito presentado por Rafael Jorge Tarrio, en data 17 de agosto de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000003896, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 32/2019 -2019/U022/000026, xuntando escritura pública de data dezasete de decembro de 2019, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de setembro de 2019, a Rafael Jorge Tarrio e Vanesa Conde Iglesias, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Tarrio, nº 20, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006770000SZ, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 46,49 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data dezasete de decembro de 2019, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 46,49 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 32/2019 -2019/U022/000026.

Segundo.- Deberá procederse polos interesados a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de setembro de 2019 (Lic. 32/2019 -2019/U022/000026).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 44/2020 -2020/U022/000006.
Escrito presentado por Estefanía Souto Espasandín, en data 24 de agosto de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000003962, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do

Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de xuño de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020, a Estefanía Souto Espasandín e a Santiago Recarey Castro, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Agrela, 10, Lampai, R.C.: 15083B504001130000SH, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 158,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:
Finca número 113-1, do plano de concentración parcelaria de Lampai, dunha superficie de centro cincuenta e oito metros cadrados. Inscrición: 1ª, Tomo: 972, libro: 380, folio 125, data: 9 de agosto de 2021. Código Rexistral Único: 15013001129009.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte seis de maio de 2021, do notario Manuel María Romero Neira, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020, expte. 44/2020 -2020/U022/000006.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de outubro de 2020, a Estefanía Souto Espasandín e a Santiago Recarey Castro, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Agrela, 10, Lampai, R.C.: 15083B504001130000SH.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.
PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202199900001877 do 07/07/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 24 de agosto de 2021, que se recolle a continuación:

CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 7 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 202199900001877), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 53 metros, en Sebe, 102, Cacheiras (S.G.D.: 618521040026).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (2.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000003949 de 23/08/2021).

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-31/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 53 metros, en Sebe, 102, Cacheiras (S.G.D.: 618521040026), de acordo co solicitado con data de 7 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 202199900001877).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-31/2021) para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 53 metros, en Sebe, 102, Cacheiras (S.G.D.: 618521040026), de acordo co solicitado con data de 7 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 202199900001877).

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.10.01 13:23:26 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.10.01 13:04:36 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 18/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 20 DE SETEMBRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e oito minutos do día 20 de setembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D.ª María López Álvarez

D.ª Mª Josefa Argibay da Silva

Non asisten, previa excusa:

D. Roberto Moñino Gil

D.ª Uxía Lemus de la Iglesias

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS.**

2.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.**

3.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. **A MARÍA ISABEL VILARIÑO EUGENIO**, licenza para segregación (catro parcelas) dunha finca situada en Casaldomiro, 4, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503007480000SY, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: **2021/U018/000013**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 5 de xullo de 2021 (rex. entrada núm. 202199900001835), "Proyecto segregación de finca en ordenanza N-2", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Vilariño Santos.
-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Parcela 4	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m^2	673,00 m^2	632,00 m^2	637,00 m^2	639,00 m^2	295,00 m^2
Fronte mínimo	14 m	22,75 m	22,91 m	22,40 m	22,56 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 295,00 metros cadrados, asinado polos irmáns María Isabel, María del Pilar e Manuel Jesús Vilariño Eugenio.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
1.2. Escrito presentado por Rafael Jorge Tarrio, en data 24 de xullo de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900001990, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Expediente núm: **2021/U007/000015**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 15 de setembro de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 16 de setembro de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **RAFAEL JORGE TARRIO,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Tarrio, 20, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006770000SZ, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 32/2019, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.09.2019.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 60,00 €

2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 25/2020 -2019/U018/000009.
Escrito presentado por Jesús Chaves Rivas, en data 29 de agosto de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900002207, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 25/2020 -2019/U018/000009, xuntando escritura pública de data sete de maio de 2021, da notaria Cristina Mosquera Criado, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2020, a Jesús Chaves Rivas, para segregación (cinco parcelas) da finca nº 628 de concentración de San Miguel de Raris, sita en Outeiro de Reis, R.C.: 15083B510006280000ST, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado por Manuel, Mercedes, Ramón, Florencia e Carmen Rodríguez Rodríguez.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 1.190,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data sete de maio de 2021, da notaria Cristina Mosquera Criado, dunha superficie de 1.190,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 25/2020 -2019/U018/000009.

Segundo.- Deberá procederse polos interesados a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de xullo de 2020 (Lic. 25/2020 -2019/U018/000009).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.
PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A ANDRES BREIJO COTEO, en representación de GORSALEXPRESS S.L. (rex. entrada nº 202199900002044 do 04/08/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 15 de setembro de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Andrés Breijo Cotelo, en representación de GORSALEXPRESS S.L., de 4 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 202199900002044), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de mellora do acceso a unha edificación existente, en Camiño Cova da Pereira, 3, Cacheiras.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso

outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 4.000 euros (mediante aval do Banco Sabadell en data 25/08/2021), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Andrés Breijo Cotelo, en representación de GORSALEXPRESS S.L., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-35/2021) para levar a cabo obras de mellora do acceso a unha edificación existente, en Camiño Cova da Pereira, 3, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 4 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 202199900002044).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.*
Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Andrés Breijo Cotelo, en representación de GORSALEXPRESS S.L., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-35/2021) para levar a cabo obras de mellora do acceso a unha edificación existente, en Camiño Cova da Pereira, 3, Cacheiras, de acordo co solicitado con data 4 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 202199900002044).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e doce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.10.01 13:24:00 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.10.01 13:05:02 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO
DE **TEO**
Secretaría Xeral

DILIXENCIA: NON CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONVOCADA PARA O 04/10/2021.

Faise constar que a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o luns 4 de outubro de 2021 non se celebrou por mor do cese de parte dos seus membros e substitución dos mesmos por Resolución da Alcaldía do mesmo día (Res 1049/21).

Teo, 4 de outubro de 2021.

A secretaria xeral,

CONCELLO DE TEO
Secretaría

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 20/21

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 07 DE OUTUBRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 7 de outubro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María López Álvarez

D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.ª Iria Otero Romero

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 06.09.21 E ORDINARIA DO 20.09.21**

2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**

3.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**

4.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

5.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

6.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 06.09.21 E ORDINARIA DO 20.09.21

Acta da sesión ordinaria de 06 de setembro de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 06 de setembro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 20 de setembro de 2021

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20 de setembro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros, e por delegación da Alcaldía (Decretos do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A LOURDES IGLESIAS VÁZQUEZ**, licenza para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Fixó, 9, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508006240000SU, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López.

Expediente núm: **2021/U018/000007**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 2 de setembro de 2021 (rex. entrada núm. 202199900002238), "Proyecto de segregación de parcela en Calo-Teo", redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Resto finca matriz	Cesión
Ordenanza de aplicación	U3	U3	U3	Solo urbanizable non delimitado SUND 7	U3
Superficie mínima	600 m^2	789,00 m^2	788,00 m^2	6.314,00 m^2	64,00 m^2
Fronte mínimo	14 m	21,50 m	21,50 m		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 64,00 metros cadrados, asinado pola interesada.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.2. **A ENMA DELIA REYES GAREA**, licenza para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Montecelo, 14, parroquia de Reis, R.C.: 15083A509002390000KX, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica forestal Sandra Otero Sanmiguel.

Expediente núm: **2021/U018/000011**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 26 de xuño de 2021 (rex. entrada núm. 202199900001792), "Proyecto de segregación", redactado pola enxeñeira técnica forestal Sandra Otero Sanmiguel.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Resto finca matriz	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N1	N1	N1	N1	N1
Superficie mínima	300 m^2	602,14	564,47 m^2	560,18 m^2	696,65 m^2
Fronte mínimo	12 m	45,00	49,00 m	22,06 m	
Edificabilidade (m^2/ m^2)	0,40 (m^2/ m^2)	0,07 (m^2/ m^2)			
Ocupación %	50 %	6,92 %			

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 696,65 metros cadrados, asinado pola interesada.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos

24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 2021/U022/000006.
Escrito presentado por Raquel Pérez Sañudo, en data 20 de setembro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000004923, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xullo de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de xuño de 2021, a Gustavo Seoane Ferreiro e Raquel Pérez Sañudo, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Guldrís, 38, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015060000SO, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 138,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Parcela situada na zona de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de centro trinta e oito metros cadrados. Inscrición: 1ª, Tomo: 972, libro: 380, folio 212, data: 1 de setembro de 2021. Código Rexistral Único: 15013001129429.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data trece de xullo de 2021, da notaria Inmaculada Espiñeira Soto, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de xuño de 2021, expte. 2021/U022/000006.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de xuño de 2021, a Gustavo Seoane Ferreiro e Raquel Pérez Sañudo, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Guldrís, 38, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503015060000SO.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

4.1. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A CARLOS CONDE MIRANDA (rex. entrada nº 202100000004807 do 16/09/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 22 de setembro de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Carlos Conde Miranda, de 16 de setembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000004807), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de acometida eléctrica, Chaves, 58, Lucí.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300 euros (mediante ingreso na conta do Concello da entidade Abanca en data 19/09/2021), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Carlos Conde Miranda, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2021) para levar a cabo obras obras de acometida eléctrica, Chaves, 58, Lucí, de acordo co solicitado con data 16 de setembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000004807).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021)), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Outorgar a Carlos Conde Miranda, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2021) para levar a cabo obras obras de acometida eléctrica, Chaves, 58, Lucí, de acordo co solicitado con data 16 de setembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000004807).

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A LUIS FRAGA LÓPEZ (rex. entrada nº 202100000004824 do 16/09/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 27 de setembro de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO

Vista a solicitude presentada por Luis Fraga López, de 16 de setembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000004824), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de construción dun tramo de beirarrúa de 14,90 metros lineais e 1,80 mts de ancho, en Travesía de Montouto, 20, R. C.: 002301800NH34D0024IB.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 500 euros (mediante transferencia do Banco Santander en data 24/09/2021), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto da Alcaldía de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Luis Fraga López, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-44/2021) para levar a cabo obras de construción dun tramo de beirarrúa de 14,90 metros lineais e 1,80 mts de ancho, en Travesía de Montouto, 20, R. C.: 002301800NH34D0024IB, de acordo co solicitado con data 16 de setembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000004824).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Luis Fraga López, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-44/2021) para levar a cabo obras de construción dun tramo de beirarrúa de 14,90 metros lineais e 1,80 mts de ancho, en Travesía de Montouto, 20, R. C.: 002301800NH34D0024IB, de acordo co solicitado con data 16 de setembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000004824).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2021.10.08 13:04:34 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.10.08 12:58:52 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO
Secretaría Xeral

ACTA 21/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 18 DE OUTUBRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 18 de outubro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Iria Otero Romero

D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 07.10.21

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE 2021/2022

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE

HOMES E MULLERES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2021

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA ACTIVIDADES DE BENESTAR REALIZADAS EN 2021

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 07.10.21

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 7 de outubro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros (agás no expediente núm. 2021/U003/000004), e por delegación da Alcaldía (Decretos do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

Tratándose do expediente núm. 2021/U003/000004, a sra. concelleira D.ª Iria Otero Romero auséntase no momento da votación, ao estar incursa en causa de abstención ao abeiro do disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A JOSÉ MANUEL GARCÍA ARES**, licenza para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Freiria, 9, parroquia de Reis, R.C.: 001701300NH33F0001MR, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: **2021/U022/000016**
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 29.03.2021 e 06.07.2021.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 39,00 metros cadrados, asinado polo promotor e por María Rosario Iglesias Carril.
-Figura no expediente garantía das conexións a redes públicas.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor e por María Rosario Iglesias Carril.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e

demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: Ordenanza N-1, Núcleo rural tradicional
-Usos: Vivenda unifamiliar
-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría
-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas
-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
-Edificabilidade: 0,43 m^2/ m^2
-Altura máxima: B+1 5,02 m.
-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 21,69 %
Recuamento á aliñación: aliñación oficial
Recuamento a lindeiros: >3 m
Pendente máxima de cuberta: <30º
Altura do cumio: <4,00 m
Aproveitamento baixo cuberta: Non
Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
-Presuposto: 143.155,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.863,10 €.
-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.043,10 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-TRÁMITE DE EXCEPCIONALIDADE
1.- **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 02/11/21**
2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 47/2021 -2021/U018/000013**
4.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 31/2020 -2020/U022/000009**
5.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
6.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JOSÉ AVELINO SEOANE BLANCO**
7.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. LUIS FRAGA LÓPEZ**

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA 2021

9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 02/11/21

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 2 de novembro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decretos do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. **A JOSÉ CONDE ABEIJÓN**, licenza para agregación-segregación (dúas parcelas) das fincas situadas en Carballal, 85, parroquia de Calo, Referencias Catastrais: 15083B508005590000SU - 15083B508005620000SU, segundo proxecto redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira.

Expediente núm: **2021/U018/000008**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 18 de xuño de 2021 (rex. entrada núm. 202199900001677), "Proyecto de parcelación", redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	U3	U3	U3	N2
Superficie mínima	600 m^2	605,60 m^2	607,35 m^2	342,20 m^2
Fronte mínimo	14 m	54,13 m	26,80 m	

-Figura no expediente documentos de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie total de 342,20 metros cadrados, asinados polo interesado.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.2. **A JOAQUÍN MARÍA SOUTO IGLESIAS**, licenza para segregación (dúas parcelas) dunha finca situada en Casal de Reis, 50, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510006430000SJ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede.

Expediente núm: **2021/U018/000016**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 5 de agosto de 2021 (rex. entrada núm. 202199900002066), "Proyecto de segregación de parcela", redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m^2	1.969,02 m^2	2.054,18 m^2	115,40 m^2
Fronte mínimo	14 m	17,50 m	17,50 m	
Edificabilidade (m^2/ m^2)	0,3 m^2/ m^2	0,01 m^2/ m^2		
Ocupación %	40 %	1,12 %		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 115,40 metros cadrados, asinado polo interesado e por Fernando Souto Iglesias.

- **A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.3.- Escrito presentado por Marta Valiño Pais, en data 23 de outubro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000005212, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Expediente núm: **2020/U007/000008**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 10 de novembro de 2020, o informe xurídico de Secretaría de data 12 de novembro de 2020, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **MARTA VALIÑO PAIS,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Lamas, 23, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503023200000SO, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 45/2019, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16.12.2019.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 60,00 €

2.4. Escrito presentado por Fernando Gómez Crespo, en data 4 de agosto de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900002045, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Expediente núm: **2021/U007/000016**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 25 de novembro de 2021, o informe xurídico de Secretaría de data 3 de decembro de 2021, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **FERNANDO GÓMEZ CRESPO,** a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Nespereira, 34, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501305790000KK, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 338/2005, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.11.2005.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.-Aprobar as seguintes liquidacións:

-Taxa pola expedición de licenza urbanística - primeira ocupación: 90,00 €

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE EXPTE. 21/2020 -2020/U022/000003

2.5.- Dada conta do escrito presentado por Carlos Roberto Mosquera Roel, administrador único da sociedade MOSQUERA & ROEL SOCIEDAD LIMITADA, de data 8 de novembro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000002918, no que comunica o cambio de titularidade da licenza urbanística nº 21/2020 -2020/U022/000003, que lle fora concedida a Carlos Roberto Mosquera Roel, pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de xullo de 2020, para construción dunha vivenda unifamiliar en Vilar de Calo, 69, parroquia de Calo, pasando a nome da sociedade MOSQUERA & ROEL SOCIEDAD LIMITADA.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística nº 21/2020 -2020/U022/000003, pasando a nome de MOSQUERA & ROEL SOCIEDAD LIMITADA (**expte. CTO-2/2021**), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 47/2021 -2021/U018/000013

Escrito presentado por María Isabel Vilariño Eugenio, en data 29 de novembro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202199900003109, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 47/2021 -2021/U018/000013, xuntando escritura pública de data vinte oito de outubro de 2021, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de setembro de 2021, a María Isabel Vilariño Eugenio, para segregación (catro parcelas) dunha finca situada en Casaldomiro, 4, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503007480000SY, coa condición, entre

outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos irmáns María Isabel, María del Pilar e Manuel Jesús Vilariño Eugenio.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 295,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte oito de outubro de 2021, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 295,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 47/2021 -2021/U018/000013.

Segundo.- Deberá procederse polos interesados a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de setembro de 2021 (Lic. 47/2021 -2021/U018/000013).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 31/2020 - 2020/U022/000009

Escrito presentado por Laura Gómez González, en data 22 de novembro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000006020, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de novembro de 2020.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, a Laura Gómez González, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Torre, nº 51, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503002940000SS, (Expte. electrónico 2020/U022/000009),

coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos

para a regularización do viario que figura na escritura de cesión presentada.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 71,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Parcela situada en A Torre, Cacheiras, dunha superficie de setenta e un metros cadrados. Inscrición: 1ª, Tomo: 967, libro: 377, folio 110, data: 12 de xaneiro de 2021. Código Rexistral Único: 15013001126404.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data catro de novembro de 2020, da notaria Inmaculada Espiñeira Soto, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, expte. 31/2020 -2020/U022/000009.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, a Laura Gómez González, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Torre, nº 51, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503002940000SS.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900002480 e 202199900002460 do 14/12/2020 e 17/09/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 29 de novembro de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por José Antonio Fernández Amaro, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., de 21 de setembro de 2017 (rex. entrada nº 8084) e os seus modificados presentados por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., en data 14 de decembro de 2020 e 17 de setembro de 2021 (rex. entrada, respectivamente, núm. 202099900002480 e 202199900002460), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para CAMBIO DE SECCIÓN VILAR FRANCOS – PUENTE ESPIÑO (S.G.D.: 218315090125).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (46.000 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000006108 de 24/11/2021).

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2017) para CAMBIO DE SECCIÓN VILAR FRANCOS – PUENTE ESPIÑO (S.G.D.: 218315090125), de acordo co solicitado con data de 21 de setembro de 2017 (rex. entrada nº 8084) e os seus modificados presentados en data 14 de decembro de 2020 e 17 de setembro de 2021 (rex. entrada, respectivamente, núm. 202099900002480 e 202199900002460).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2017) para CAMBIO DE SECCIÓN VILAR FRANCOS – PUENTE ESPIÑO (S.G.D.: 218315090125), de acordo co solicitado con data de 21 de setembro de 2017 (rex. entrada nº 8084) e os seus modificados presentados en data 14 de decembro de 2020 e 17 de setembro de 2021 (rex. entrada, respectivamente, núm. 202099900002480 e 202199900002460).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. JOSÉ AVELINO SEOANE BLANCO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 23 de novembro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 27/09/2021 por D. JOSE AVELINO SEOANE BLANCO, de devolución da garantía para instalación de canalización de auga potable veciñal baixo pista pública en Pedrouso, Cacheiras.

Visto o informe do técnico municipal, de data 19/10/2021, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 23/11/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. JOSE AVELINO SEOANE BLANCO para obra referida anteriormente , por importe de **4.000,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. JOSE AVELINO SEOANE BLANCO para obra referida anteriormente , por importe de 4.000,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. LUIS FRAGA LÓPEZ

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 23 de novembro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 27/10/2021 por D. LUIS FRAGA LOPEZ, de devolución da garantía para obras de construcción de treito de beirarrúa fronte a parcela en Travesía Montouto nº20 Cacheiras.

Visto o informe do técnico municipal, de data 03/11/2021, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 23/11/2021, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. LUIS FRAGA LOPEZ para obra referida anteriormente , por importe de **500,00€,** devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por D. LUIS FRAGA LOPEZ para obra referida anteriormente , por importe de 500,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA 2021

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 3 de decembro de 2021 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 18/10/21 aprobou as bases da convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para 2021.

Téndose rvalorada pola comisión de valoración na sesión do 23/11/2021 a documentación á que se refire a base 4ª da convocatoria, e que foi presentada polas entidades interesadas, propuxéronse nesta última os importes a conceder.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 26/10/21, e considerando o disposto na citada Base 4ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa sesión de data 23/11/2021, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADES	PUNTUACION	IMPORTE
Asoc. Arc Os Tilos	45	900€
ASPAMITE	45	550€

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta realizada pola Comisión de valoración na súa sesión de data 23/11/2021, segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades beneficiarias:

ENTIDADES	PUNTUACION	IMPORTE
Asoc. Arc Os Tilos	45	900€
ASPAMITE	45	550€

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2022.01.12 11:12:31 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2022.01.12 11:10:28 +01'00'

Virginia Fraga Díaz

ACTA 25/21

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 20 DE DECEMBRO DE 2021 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 20 de decembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.ª Iria Otero Romero

D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.ª María López Álvarez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
2.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 24/2017**
3.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
4.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA**
5.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

A JORGE FRANCOS MARTÍNEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Laxes 11-C, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515023790000KA, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jorge Vales Fernández.

Expediente núm: **2021/U022/000019**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jorge Vales Fernández, visado no colexio oficial de arquitectos en data 26.04.2021.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 103,00 metros cadrados, asinado polo promotor e por Sonia María Golán Míguez.

-Figura no expediente garantía das conexións a redes públicas.

-Figura no expediente resolución favorable de Augas de Galicia.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O

Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor e por Sonia María Golán Míguez.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos

de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: Ordenanza N-2, Núcleo rural expansión

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Jorge Vales Fernández

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Ramón Otero Saavedra

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Ramón Otero Saavedra

-Edificabilidade: 0,29 m^2/ m^2

-Altura máxima: B 3,75 m.

-.Posición da edificación:

Ocupación máxima: 29,98 %

Recuamento á aliñación: >3 m

Recuamento a lindeiros: 3,50 m

Pendente máxima de cuberta: <30º

Altura do cumio: 1,79 m

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 praza/viv.

-Presuposto: 125.326,80 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.506,54 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.686,54 euros.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 24/2017

Escrito presentado por Juan Carlos Pombo Ferrás, en data 2 de decembro de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000006254, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de xullo de 2021.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de outubro de 2017, a Juan Carlos Pombo Ferrás, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Aido, 27, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501006310000KU, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 367,35 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Franxa de terreo procedente da finca número SEISCENTOS TRINTA E UN da zona de concentración parcelaria de Santa María de Luou, dunha superficie de trescentos sesenta e sete metros e trinta e cinco decímetros cadrados. Inscrición: 1ª, Tomo: 974, libro: 381, folio 139, data: 8 de novembro de 2021. Código Rexistral Único: 15013001130265.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data trece de setembro de 2017, do notario Marcelino Estévez Fernández, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de outubro de 2017, expte. 24/2017.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de outubro de 2017, a Juan Carlos Pombo Ferrás, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Aido, 27, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501006310000KU.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 13 de decembro de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 21 de outubro de 2021 (rex. entrada nº 202199900002739), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 4 metros, en Pite, 73, parroquia de Lucí (S.G.D.: 618521080012).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202100000006329 de 10/12/2021).

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-47/2021) unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 4 metros, en Pite, 73, parroquia de Lucí (S.G.D.: 618521080012), de acordo co solicitado con data de 21 de outubro de 2021 (rex. entrada nº 202199900002739).*

Segundo.- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-47/2021) unha rede de baixa tensión subterránea con unha canalización de 4 metros, en Pite, 73, parroquia de Lucí (S.G.D.: 618521080012), de acordo co solicitado con data de 21 de outubro de 2021 (rex. entrada nº 202199900002739).

Segundo.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

***3.2.*- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A LUCIA SANMARTÍN GUTIÉRREZ** (rex. entrada nº 202100000006005 do 22/11/2021).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 15 de decembro de 2021, que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Lucia Sanmartín Gutiérrez, de 22 de novembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000006005), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio

público para levar a cabo unha cata, duns oitenta centímetros, a fin de arranxar unha avaría na mangueira de auga veciñal, a altura do número 88 de Rúa de Francos, Calo.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 300 euros (mediante transferencia da entidade Abanca en data 22/11/2021), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da Alcaldía do 3 de xullo de 2020 e do 4 de outubro de 2021 (res. 622/2020 e res. 1049/2021), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro*.-** *Outorgar a Lucia Sanmartín Gutiérrez, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-50/2021) para levar a cabo unha cata, duns oitenta centímetros, a fin de arranxar unha avaría na mangueira de auga veciñal, a altura do número 88 de Rúa de Francos, Calo, de acordo co solicitado con data 22 de novembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000006005).*

***Segundo*.-** *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 4 de outubro de 2021 (1049/2021) en relación co Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Lucia Sanmartín Gutiérrez, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-50/2021) para levar a cabo unha cata, duns oitenta centímetros, a fin de arranxar unha avaría na mangueira de auga veciñal, a altura do número 88 de Rúa de Francos, Calo, de acordo co solicitado con data 22 de novembro de 2021 (rex. entrada nº 202100000006005).

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2022.01.18 14:32:43 +01'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2022.01.18 13:07:39 +01'00'

Virginia Fraga Díaz